1. O control interno da xestión económica desta Entidade, relativo á función interventora, exerceo a Interventora Xeral, quen realizará a súa misión por si, ou a través do persoal adscrito á súa dependencia.

2. Para estes efectos, a Interventora Xeral pode ser substituída nos casos de ausencia ou enfermidade, sen máis trámite e en calquera caso e órganos, polo Interventor/a adxunto, a Xefa do Servizo de Fiscalización ou o Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas, e de non ser estes, persoal da Intervención ou da Oficina de xestión económica ou órganos de similar competencia no caso dos entes dependentes, co título de licenciado ou diplomado, por esta orde e en función do seu maior nivel xerárquico.

3. A función de control financeiro desenvolverase baixo a dirección da Intervención, podendo auxiliarse cando sexa preciso con auditores externos. Especialmente, poderase solicitar a colaboración de empresas privadas de auditoría para o control financeiro das subvencións que conceda a Deputación e os seus entes dependentes.

4. En relación ás Sociedades Mercantís que dependan da entidade local, a inspección a que se refire o Art. 204-2 do TRLRFL e as funcións de control interno a que se refire o Art. 213 do mesmo texto legal, serán exercidas pola Intervención directamente ou a través de empresas de auditoría contratadas para este fin. Cando de acordo coa normativa en vigor, as sociedades participadas que estean obrigadas á auditoría de contas, ou demais entes dependentes que potestativamente as realizasen, a Intervención poderá remitirse a aquelas co obxecto de dar por cumprida a súa función de control e inspección.

Sen prexuízo das funcións que lles correspondan de acordo coa normativa en vigor, os funcionarios da Deputación poderán, se é o caso, desempeñar cargos representativos nos entes e sociedades nos que a Deputación teña intereses ou unha participación total ou parcial.

5. Segundo RD 424/2017, artigo 20, establece a intervención da comprobación material da inversión cando o importe de esta sexa igual ou superior a 50.000,00 €, con exclusión do IVE, da obra, servizo o adquisición de que se trate. O órgano xestor solicitara a asistencia do órgano interventor cunha antelación de vinte días a data prevista para a recepción da inversión. Poderá estar asistido de un técnico especializado no obxecto do contrato, diferente do director da obra e do responsable do contrato.

6. Para os efectos do artigo 218 do TRLRFL, os informes poderán ser elevados ao Pleno con ocasión da tramitación e aprobación da Conta xeral ou coa dación de conta da liquidación, como punto independente na orde do día do Pleno.

BASE 36º: ALCANCE DA FISCALIZACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

O réxime de fiscalización e reparos será o previsto no TRLRFL, arts. 213-223, e o RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local con entrada en vigor o 1 de xullo de 2018, e demais normas de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 219.2 do TRLRFL e artigo 13 do RD 424/2017, establécese o sistema de fiscalización e intervención limitada previa en réxime de requisitos básicos e adicionais, con vixencia indefinida, segundo a Base 36 de execución do Orzamento de 2023, sendo de aplicación:

- Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado (en adiante IGAE), pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.
- Resolución de 22 de abril de 2010, da IGAE, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 16 de abril de 2010, polo que se modifica o do 30 de maio de 2008
- Resolución de 4 de xullo de 2011, da IGAE, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo de 2011, polo que se modifica o de 30 de maio de 2008.
- Resolución de 25 de xullo de 2018, da IGAE, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei xeral orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios.
- Resolución do 18 de novembro de 2019, da IGAE, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 15 de novembro de 2019, polo que se modifica o de 30 de maio de 2008.
- Resolución do 16 de xuño de 2021, da IGAE, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 15 de xuño de 2021, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, en canto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito de convenios e transferencias a CCAA realizadas de conformidade co artigo 86 da Lei Xeral Orzamentaria.
- Resolución do 15 de marzo de 2023, da IGAE, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 14 de marzo de 2023, polo que se modifican os Acordos do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, de 20 de

xullo de 2018 e de 15 de xuño de 2021, relativos ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito das modalidades de gastos comprendidos en cada un deles.

BASE 37º: PROCEDEMENTO DE FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN PLENA POSTERIOR

1. A fiscalización e intervención plena posterior levarase a cabo no marco das actuacións de control financeiro permanente regulados no título III do RD 424/2017, deberá realizala a Intervención nos catro primeiros meses do exercicio seguinte a aquel no que se produciron os ingresos e gastos obxecto da fiscalización limitada previa, utilizando para este efecto os procedementos que xulgue oportunos, en función da carga de traballo existente e dos medios persoais e materiais dispoñibles de acordo cas normas técnicas de control financeiro da Intervención Xeral da Administración do Estado.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Primeira: No ámbito da fiscalización en materia de contratos e encomendas a medios propios aplicaranse transitoriamente as Bases de Execución 2018, cando sexa de aplicación a normativa anterior á LCSP.

Os modelos de informes de fiscalización/intervención limitada previa do sistema de fiscalización e intervención limitada previa en réxime de requisitos básicos e adicionais, con vixencia indefinida, incluídos na base 36 do Orzamento Xeral de 2023, son de aplicación transitoria en tanto non se aproben polo Pleno da Deputación os novos modelos de informes.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira: Dos estados de Gastos e destas Bases, procurarán ter copia os servizos e unidades administrativas, para o seu coñecemento e cumprimento. A Intervención facilitará o cumprimento desta obriga polos medios técnicos que estime oportunos.

Segunda: Os entes dependentes poderán establecer protocolos ou criterios relativos á súa regulación económico-financiera, que complementarán o disposto nestas Bases.

O que se fai público para os efectos oportunos.

Lugo, vinte e seis de decembro de dous mil vinte e tres.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **O SECRETARIO XERAL**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4056

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por resolución da presidencia de data 28.12.2023, aprobouse a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2023, co seguinte contido literal:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“1. ANTECEDENTES:

Os artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.), 204 da Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015, de 29 de abril e 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 34.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL, sinala que lle corresponde ao Presidente da Deputación aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O Orzamento vixente desta Deputación Provincial, para o ano 2023, foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro do 2022, quedando aprobado definitivamente, transcorrido o prazo de información pública, sendo publicado no BOP nº 298 do 30 de decembro do 2022, entrando en vigor o 1 de xaneiro do 2023; e a través daquel, os Cadros de Persoal funcionario e laboral desta Entidade, nos que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se inclúen na proposta de Oferta de Emprego para 2023.

2.NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10 % adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria destes. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos."

O Artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, referido a Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público, establece:

"Un. Oferta de Emprego Público.

1. A incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, fóra dos órganos contemplados no apartado Un.e) do artigo anterior, levarase a cabo a través da Oferta de Emprego Público, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

(...)

3. A configuración concreta da Oferta de Emprego Público levarase a cabo a través da taxa de reposición de efectivos, instrumento co que se concreta a planificación e outórgaselle dimensión en termos de efectivos con respecto de o persoal actual, así como a través do resto de medidas contidas neste artigo.

Dous. Articulación da Oferta de Emprego Público.

1. A Oferta de Emprego Público articularase a través das seguintes taxas de reposición de efectivos:

a) Nos sectores prioritarios a taxa será do 120 por cen e nos demais sectores do 110 por cen.

b) As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior terán un 120 por cen de taxa en todos os sectores.

(...)

d) A taxa específica, nos termos previstos no apartado dous.4.

O establecido nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ou de normas anteriores.

(...)

3. Considéranse sectores prioritarios a efectos da taxa de reposición:

(...)

4. Cada Administración poderá autorizar, con carácter extraordinario, unha taxa específica que sexa necesaria para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cento das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que vinga xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual con que deberá contar.

5. En todo caso, a Oferta de Emprego Público deberá aterse ás disponibilidades orzamentarias do capítulo correspondente aos gastos de persoal do orzamento de gastos.

Tres. Regras para a aplicación da taxa de reposición de efectivos.

1. Para calcular a taxa de reposición de efectivos a porcentaxe de taxa máximo autorizado aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaron no referido exercicio, por calquera causa salvo os supostos previstos no apartado tres.4, ou reingresado desde situacións que non conleven a reserva de postos de traballo.

Para estes efectos computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Igualmente, teranse en conta as alto e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas, así como as producidas como consecuencia do disposto no apartado seis.3 deste artigo e no apartado Un.3 das disposicións adicionais vixésima primeira, vixésima segundo e vixésima terceira respecto de a mobilidade do persoal cunha relación preexistente, fixa e indefinida no sector de que se trate.

(...)

3. A validez da taxa autorizada estará condicionada, de acordo co artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

a) A que as prazas inclúanse nunha Oferta de Emprego Público que deberá ser aprobada polos órganos de Gobierno das Administracións Públicas e publicarse no boletín oficial da provincia, da comunidade autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes de a finalización de cada ano.

b) A que a convocatoria das prazas publíquese no diario oficial da provincia, comunidade autónoma ou, no seu caso, do Estado, debendo asegurar a súa execución no prazo máximo de tres anos.

As prazas non cubertas durante a execución dunha convocatoria poderán convocarse novamente sempre que non transcorresen máis de tres anos desde a publicación da Oferta de Emprego Público que as autorizase. A nova convocatoria deberá identificar as prazas que proceden de convocatorias anteriores e a oferta á que corresponden. Esta previsión será aplicable ás convocatorias de procesos selectivos derivadas de Ofertas de exercicios anteriores a 2023, incluídas as que xa fosen publicadas.

4. Non computarán para a taxa de reposición e, por tanto, non se terán en conta para o seu cálculo:

a) As prazas que se cubran como consecuencia da incorporación de persoal en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.

b) As prazas que se convoquen por promoción interna, nin os cesamentos derivados dos devanditos procesos, salvo os supostos de acceso por este sistema ao Corpo de Catedráticos de Universidade, nos termos previstos no artigo 62.2 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.

c) As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.

(...)

f) As prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos cuxo establecemento vinga imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local.

(...)

Catro. Acumulación e cesión de taxa.

1. A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios. As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector.

(...)

3. Non se autoriza a cesión de taxa de reposición das Administracións Públicas ás súas sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais e fundacións. Poderase ceder taxa de reposición aos consorcios por parte das Administracións e demais entidades que participen no consorcio.

(...)

Sete. Seguimento da Oferta de Emprego Público.

Co fin de permitir o seguimento da Oferta, as Comunidades Autónomas e as Universidades Públicas deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Función Pública:

a) Unha certificación, que se enviará no mes de xaneiro, co número de baixas e alto tidas en conta no cálculo da taxa de reposición, incluídas as producidas por concursos de traslado como consecuencia dos procedementos de mobilidade voluntaria entre distintas Administracións Públicas no ano inmediato anterior.

b) A Oferta de Emprego Público publicada no exercicio.

c) Calquera outra información que lles sexa requirida para realizar o devandito seguimento.

d) No caso da taxa específica a que refírese o apartado dous.4, e nos termos previstos polo citado precepto, será preciso remitir o instrumento de planificación que ampare a aplicación da taxa, así como certificado que identifique as prazas afectadas.

e) Así mesmo, no caso de ofertas de emprego público derivadas de procesos de estabilización, co fin de permitir o seguimento da oferta, as Administracións Públicas deberán certificar ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Función Pública, o número de prazas estruturais ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

Nove. Carácter básico do artigo.

Os apartados un, dous, tres, catro, cinco e sete deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao amparo dos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.

O Real Decreto-lei 5/2023, do 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea no seu artigo 217, Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público establece:

“Autorízase unha taxa adicional ás Administracións Públicas para que convoquen procesos selectivos conforme a disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, coa finalidade de garantir en todo o territorio o dereito de acceso aos procesos de estabilización en condicións de igualdade.

O número de prazas da taxa adicional será o equivalente a aquelas de natureza estrutural, ocupadas de forma temporal ao 30 de decembro de 2021, por persoal cunha relación desa natureza anterior ao 1 de xaneiro de 2016, que non superase o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

As ofertas de emprego público deberán estar aprobadas antes do 31 de decembro de 2023, e as convocatorias resoltas antes do 31 de decembro de 2024, axustándose aos principios de igualdade, mérito, capacidade e libre concorrencia.”

A disposición adicional 8ª da Lei 20/2021 recolle o sinalado a continuación:

“Disposición adicional oitava. Identificación das prazas a incluír nas convocatorias de concurso.

Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”

Así mesmo o artigo 37.1 Do EBEP, sinala:

“Materias obxecto de negociación.

1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada administración Pública, e co alcance legal que proceda en cada caso:

(...)

Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público”.

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

“No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira), as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte agás que se decida a súa amortización.”

3. ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (MXN):

Consecuencia de todo o sinalado; analizadas as necesidades de recursos humanos desta Deputación, constátase:

Que nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, aprobados, con ocasión da aprobación dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2023, existen as prazas vacantes que seguidamente se relacionan e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas; resultando tamén que as prazas e postos a que se fai referencia están dotados orzamentariamente;

Que dos antecedentes que constan no Servizo de Recursos Humanos a Taxa de Reposición de Efectivos para o ano 2023, calculada conforme ao establecido no artigo 20.Tres da mencionada Leis de Orzamentos Xerais para 2023 ascende a TRECE (13) efectivos que non superan o límite máximo do 110 % a diferenza entre o número de empregados fixos que durante o exercicio orzamentario anterior (ano 2022) deixaron de prestar servizos e o número de empregados que se tiveran incorporado no mesmo tendo en conta as altas e baixas producidas por concurso de traslados.

En cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 I) do EBEP procedeuse a someter á consideración da Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesións celebradas o 26.10.2023 e 9.11.2023, data na que se aproba de forma unánime polas organizacións sindicais que compoñen o banco social de dito órgano de participación.

Á vista de todo o sinalado, os criterios e contido da Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2023, formúlase nos seguintes termos:

1º. Criterios que rexerán na OEP:

- A OEP da Deputación conterà as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre) e as prazas reservadas a promoción interna.

- A quenda de acceso libre incluíra o 110 % da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), conforme ao previsto no artigo 20.Tres da mencionada Lei de Orzamentos Xerais para 2023 e inclúe un total de TRECE (13) prazas na Deputación Provincial. Dentro deste criterio, inclúense ás prazas que están sendo desempeñadas en réxime de interinidade, e dentro desas a aquelas que permitan completar a totalidade de efectivos de cada unha delas, de xeito que, chegado o momento, permita convocar todas as vacantes dunha mesma praza.

- Conforme ao sinalado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido da disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o sistema selectivo de acceso ás prazas de persoal de novo ingreso, tanto da quenda libre como de cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, será de oposición libre para as prazas pertencentes ás Subescalas Técnica, Administrativa e Auxiliar da escala de Administración Xeral; e de concurso- oposición libre para as prazas da Subescala de Subalterna da Escala de Administración Xeral e das prazas pertencentes á Escala de Administración Especial.

- Con fundamento na habilitación que se estableceu no artigo 217 do R.D-Lei 5/2023, de 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína, de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os coidadores; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea sinala no artigo 217, Garantía do dereito de acceso aos procesos derivados da disposición adicional oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas para reducir a temporalidade no emprego público, inclúense na Oferta de Emprego Público as prazas da Taxa adicional de Estabilización derivada da aplicación do sinalado no artigo 217 desa norma en relación coa Disposición Adicional Oitava da Lei 20/2021. O Sistema selectivo do proceso selectivo será o concurso para cumprimento do sinalado na Lei 20/2021.

- En base ao recollido no artigo 20 apartado Dous.4 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 inclúense na Oferta de Emprego Público as prazas derivadas da Taxa específica para a redución da temporalidade no emprego público que non supere o oito por cento das prazas de natureza estrutural, xustificada esta inclusión de acordo co instrumento de planificación plurianual aprobado pola Entidade. O sistema selectivo será o mesmo que o establecido para as prazas que se inclúen na taxa xeral.

- Inclúese, dentro das TRECE (13) prazas ofertadas, (1) praza pola “cota” de reserva para persoas con capacidades diferentes (artigo 59.1 do EBEP), a efectos de cumprir o mandato de incluír o 7% das prazas vacantes ofertadas pola quenda de acceso libre para seren cubertas entre persoal cun grao igual ou superior ao 33%.

Asemade tamén se fai reserva de prazas para persoas con capacidades diferentes .

5 . No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexeráse polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e autoorganización.

2º. Contido da OEP 2023 da Deputación Provincial:

PRIMEIRO.- OE 2023: Centro trinta e catro (134)prazas.

a) PRAZAS DE ACCESO LIBRE: Setenta e dúas (72) prazas.

IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS: Trece (13) prazas.

IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Trece (13) prazas.

IA)1.1 COTA XERAL: Doce (12) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C1	1018	ADMINISTRATIVO/A	1800	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala administrativa
C-C2	2082	AUXILIAR	316	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	982	AUXILIAR	1734	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	979	AUXILIAR	1723	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	826	AUXILIAR	1253	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	12009	AUXILIAR	1826	AUXILIAR ENTRADA	Escala administración xeral, subescala auxiliar
AP	2157	PORTEIRO/A	237	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala subalterna
AP	2156	PORTEIRO/A	314	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala subalterna
AP	1028	PORTEIRO/A	1815	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala subalterna

A-A1	994	PSICÓLOGO/A	1776	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos superiores
A-A2	1010	TRABALLADOR/A SOCIAL	1792	TRABALLADOR/A SOCIAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1009	TRABALLADOR/A SOCIAL	1791	TRABALLADOR/A SOCIAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios

IA)1.2 COTA RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES (ARTIGO 59.1 DO EBEP): Unha (1) praza.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
AP	1029	PORTEIRO/A	1816	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala administración xeral, subescala subalterna

IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, art 20.DOS.4: Cincuenta e dúas (52) prazas.

IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Corenta e oito (48) prazas.

IB)1.1 COTA XERAL: Corenta e cinco (45) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A_A1	950	TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL	1630	TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala técnica
C-C1	1017	ADMINISTRATIVO/A	1799	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	1016	ADMINISTRATIVO/A	1798	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	1015	ADMINISTRATIVO/A	1797	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	1013	ADMINISTRATIVO/A	1795	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	977	ADMINISTRATIVO/A	1688	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	727	ADMINISTRATIVO/A	1759	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	594	ADMINISTRATIVO/A	705	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	572	ADMINISTRATIVO/A	1733	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	408	ADMINISTRATIVO/A	593	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	12	ADMINISTRATIVO/A	1689	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C2	2094	AUXILIAR	769	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	976	AUXILIAR	1691	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	972	AUXILIAR	1699	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	971	AUXILIAR	1698	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA

C-C2	970	AUXILIAR	1697	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	969	AUXILIAR	1696	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	498	AUXILIAR	1690	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
A-A1	993	PSICÓLOGO/A	1775	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	992	PSICÓLOGO/A	1774	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	991	PSICÓLOGO/A	1773	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	990	PSICÓLOGO/A	1772	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	989	PSICÓLOGO/A	1771	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	988	PSICÓLOGO/A	1770	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	987	PSICÓLOGO/A	1769	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	986	PSICÓLOGO/A	1768	PSICÓLOGO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	984	TÉCNICO/A SUPERIOR DEPORTIVO	1728	TÉCNICO/A SUPERIOR DEPORTIVO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	952	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN	1632	TÉCNICO/A SUPERIOR INFORMÁTICA E PROGRAMACIÓN ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	51	TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO	1757	TÉCNICO/A SUPERIOR PROTOCOLO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	1229	VETERINARIO/A	1732	VETERINARIO/A ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A2	1005	ATS-DUE	1787	ATS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1004	ATS-DUE	1786	ATS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1003	ATS-DUE	1785	ATS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios

A-A2	1002	ATS-DUE	1784	ATS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
------	------	---------	------	-------------	---

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A2	823	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA	1250	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	973	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS	1693	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1001	FISIOTERAPEUTA	1783	FISIOTERAPEUTA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1000	FISIOTERAPEUTA	1782	FISIOTERAPEUTA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	999	FISIOTERAPEUTA	1781	FISIOTERAPEUTA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	997	TERAPEUTA OCUPACIONAL	1779	TERAPEUTA OCUPACIONAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	996	TERAPEUTA OCUPACIONAL	1778	TERAPEUTA OCUPACIONAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	995	TERAPEUTA OCUPACIONAL	1777	TERAPEUTA OCUPACIONAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	1007	TRABALLADOR/A SOCIAL	1789	TRABALLADOR/A SOCIAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
C-C1	893	AUXILIAR ARQUIVO	1458	AUXILIAR ARQUIVO ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais
C-C2	981	AUXILIAR SALA	1725	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais

IB)1.2 COTA RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES (ARTIGO 59.1 DO EBEP): Tres (3) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C1	1012	ADMINISTRATIVO/A	1794	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
A-A2	1008	TRABALLADOR/A SOCIAL	1790	TRABALLADOR/A SOCIAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
C-C2	980	AUXILIAR SALA	1724	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala de administración especial, subescala servizos

					especiais, clase cometidos especiais
--	--	--	--	--	--------------------------------------

IB)2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL: Catro (4) prazas.

IB) 2.1 COTA XERAL: Catro (4) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
C-C2	3346	MAQUINISTA- CONDUTOR/A	1701	MAQUINISTA- CONDUTOR/A ENTRADA
C-C2	3345	MAQUINISTA- CONDUTOR/A	1700	MAQUINISTA- CONDUTOR/A ENTRADA
AP	3347	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1726	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA
AP	3332	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1447	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA

IC) TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Disposición Adicional 8ª Lei 20/2021, de 28 de decembro- autorizada polo art 217 do Real Decreto Lei 5/2023, do 28 de xuño): Sete (7) prazas.

IC)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Sete (7) prazas.

IC)1.1 COTA XERAL: Seis (6) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A1	2021	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	371	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala técnica
A-A2	890	TÉCNICO/A XESTIÓN	1454	TÉCNICO/A XESTIÓN ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala xestión
C-C1	610	ADMINISTRATIVO/A	745	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	593	ADMINISTRATIVO/A	1628	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	25	ADMINISTRATIVO/A	1687	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
A-A2	892	TÉCNICO/A TURISMO	1456	TÉCNICO/A TURISMO ENTRADA	Escala de Administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios

IC)1.2 COTA RESERVA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES (ARTIGO 59.1 DO EBEP): Unha (1) praza.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C2	904	AUXILIAR SALA	1468	AUXILIAR SALA ENTRADA	Escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais

II PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA: Tres (3) prazas.

II A) RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Tres (3) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A1	1032	TÉCNICO/A SUPERIOR INFRAESTRUTURAS	1821	TÉCNICO/A SUPERIOR INFRAESTRUTURAS NIVEL II	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A1	1030	TÉCNICO/A SUPERIOR INFRAESTRUTURAS	1819	TÉCNICO/A SUPERIOR INFRAESTRUTURAS NIVEL II	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores
A-A2	1022	TRADUTOR/A PUBLICACIÓNS	1804	TRADUTOR/A PUBLICACIÓNS NIVEL II	Escala de administración especial, subescala

					técnica, clase técnicos medios
--	--	--	--	--	--------------------------------

SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022: Dezanove (19) prazas.

A RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO: Trece (13) prazas.

A.1 COTA XERAL: Trece (13) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
A-A1	951	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1631	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala técnica
A-A1	744	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL	1629	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala técnica
C-C1	2048	ADMINISTRATIVO/A	497	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	612	ADMINISTRATIVO/A	1627	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C1	571	ADMINISTRATIVO/A	1617	ADMINISTRATIVO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala administrativa
C-C2	959	AUXILIAR	1641	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	957	AUXILIAR	1637	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	956	AUXILIAR	1636	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
C-C2	582	AUXILIAR	663	AUXILIAR ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala auxiliar
AP	2160	PORTEIRO/A	630	PORTEIRO/A ENTRADA	Escala de administración xeral, subescala subalterna
A-A2	835	DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	1280	DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
A-A2	882	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS	1426	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios
GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/SUBESCALA
C-C1	367	DELINEANTE	1623	DELINEANTE ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, técnicos auxiliares

B RÉXIME XURÍDICO LABORAL: Seis (6) prazas.

B.1 COTA XERAL: Seis (6) prazas.

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
C-C2	3344	MAQUINISTA- CONDUTOR/A	1634	MAQUINISTA- CONDUTOR/A ENTRADA
AP	3343	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1640	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA
AP	3342	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1639	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA
AP	3341	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1638	PEÓN/A REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS ENTRADA
AP	166	PEÓN/A GRANXA	167	PEÓN/A GRANXA ENTRADA
AP	164	PEÓN/A GRANXA	166	PEÓN/A GRANXA ENTRADA

Atendendo a canto antecede, propoño que pola Presidencia, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, resolva aprobar a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023 co contido de prazas anteriormente enumeradas”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta, as persoas interesadas poderán interpor potestativamente recurso de reposición ante a presidencia da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 29 de decembro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 4139

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía de data 26 de decembro de 2023 aprobouse a Oferta de Emprego Público excepcional do artigo 20 apartado dous 4º da Lei 31/2022 de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 :

DENOMINACION: Arquitecto técnico . RÉXIME XURIDICO: Funcionario. CORPO, ESCALA OU CATEGORIA: Escala de Administración Especial , Subescala Técnica . GRUPO: A, subgrupo A2. .Nº DOTACIONES: 1. Código POSTO EN RPT: PT006.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público excepcional no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma e no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía , no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Alfoz, 26 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 4057

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL 2024

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o orzamento para o exercicio económico de 2024, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2023, ao non presentarse reclamacións en prazo, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de 3.847.226,62 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que se expresan a continuación:

	ORZAMENTO DE INGRESOS	CONCELLO
+	Capítulo 1: Imposto Directos	402.950,00
+	Capítulo 2: Imposto Indirectos	82.650,00
+	Capítulo 3: Taxas e outros ingresos	247.975,00
+	Capítulo 4: Transferencias correntes	1.551.377,38
+	Capítulo 5: Ingresos patrimoniais	0
+	Capítulo 6: Alleamento de investimentos	0
+	Capítulo 7: Transferencias de capital	697.274,24
+	Capítulo 8: Activos Financeiros	15.000,00
+	Capítulo 9: Pasivos Financeiros	850.000,00
=	A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	3.847.226,62

	ORZAMENTO DE GASTOS	CONCELLO
+	Capítulo 1: Gastos de persoal	1.337.966,16
+	Capítulo 2: Compra de bens e servizos	789.677,34
+	Capítulo 3: Gastos financeiros	45.269,90
+	Capítulo 4: Transferencias correntes	54.450,20
+	Capítulo 5: Fondo de Continxencia	67.469,16
	Capítulo 6: Investimentos reais	1.414.805,33
	Capítulo 7: Transferencias de capital	0
+	Capítulo 8: Activos Financeiros	15.000,00
+	Capítulo 9: Pasivos Financeiros	122.588,53
=	B) TOTAL GASTOS	3.847.226,62

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Antas de Ulla, 28 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 4071

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 10/2023, dentro do vixente Presuposto municipal, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 30 de novembro de 2023, cun importe que ascende a cantidade de 175.100 Euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Presuposto queda da seguinte forma:

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.020.269,48
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.100.080,87
3	Gastos financeiros	16.000,00
4	Transferencias correntes	84.800,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00

6	Inversións reais	1.168.515,70
7	Transferencias de capital	20.000,00
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS		3.409.666,05

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baralla, 29 de decembro de 2023.- O ALCALDE, Don Miguel González Piñeiro.

R. 4111

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 26/12/2023 prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 28/02/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a existencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de decembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 4072

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, o Orzamento Xeral para o exercicio económico do 2024, expediente nº 1117/2023, e a plantilla de persoal para o devandito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de 15 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial

da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 29 de decembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 4112

BURELA

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1281 de data 27/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Auxiliar Administrativo/a da Unidade Asistencial de Drogodependencias, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal

María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/20223 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de “**AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS**”, persoal laboral fixo, grupo C2, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Raquel Balbas Aguilar	***9698***	NON EXENTA
María Teresa García González	***9395***	EXENTA
Karín Mago Marcano	***0840***	EXENTA
Janet Erika Márquez Guzmán	***2509***	NON EXENTA
Noé Pérez Núñez	***3342***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Burela, 28 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 4073

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1280 de data 27/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Traballador/a Social da Unidade Asistencial de Drogodependencias, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/2022 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de “**TRABALLADOR/A SOCIAL DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS**”, persoal laboral fixo, grupo A2, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditalos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Lorena María García García	***5118***	NON EXENTA
María Josefa Gil Rosende	***4289***	EXENTA
Almudena González Rego	***8016***	EXENTA
María Teresa Lanza Méndez	***9461***	EXENTA
Ana María Martínez Neira	***3513***	EXENTA
Basilisa Nogueira Rodríguez	***7618***	EXENTA
Noela Nebriil Rodríguez	***3701***	EXENTA
Beatriz Pereiro Sordo	***3578***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Burela, 28 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 4074

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PSICÓLOGO/A DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1282 de data 27/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Psicólogo/a da Unidade Asistencial de Drogodependencias, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/2022 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de **“PSICÓLOGO/A DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS”**, persoal laboral fixo, grupo A1, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Antonio Alvarez Fabeiro	***9822***	NON EXENTA
Antia Ben Fernández	***8705***	EXENTA
Susana Fernández Pernas	***6648***	EXENTA
Sagrario Ferreira Pernas	***6467***	EXENTA
Alba Varela Tato	***9062***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Burela, 28 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 4075

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR DE ENFERMERÍA DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1278 de data 27/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Auxiliar de Enfermería da Unidade Asistencial de Drogodependencias, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 229 de 25/09/20223 publícase anuncio comprensivo da convocatoria dunha praza de “**AUXILIAR DE ENFERMERÍA DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS**” persoal laboral fixo, grupo C2, sometida ao proceso selectivo de concurso, quenda libre correspondente ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
María del Mar Franco Expósito	***9223***	EXENTA
María Josefa Gil Rosende	***4289***	EXENTA
María Nuria González Barcia	***9183***	EXENTA
María Belén Maseda Seco	***9674***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Burela, 28 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 4076

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE ENFERMEIRO/A-DUE DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1279 de data 27/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Enfermeiro/a-DUE da Unidade Asistencial de Drogodependencias, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/20223 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de **“ENFERMEIRO/A-DUE DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS”**, persoal laboral fixo, grupo A2, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Adriana Rego Díaz	***9839***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Burela, 28 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 4077

Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE DIRECTOR/A PSICÓLOGO/A DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-1283 de data 27/12/2023 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de director/a Psicólogo/a da Unidade Asistencial de Drogodependencias, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal :

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/20223 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público,

establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de “**DIRECTOR/A PSICÓLOGO/A DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS**”, persoal laboral fixo, grupo A1, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Maria Concepción Abad Alastruey	***9599***	EXENTA
Antia Ben Fernández	***8705***	EXENTA
Sagrario Ferreira Pernas	***6467***	EXENTA
Alba Varela Tato	***9062***	EXENTA

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Burela, 28 de decembro de 2023.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno.

R. 4078

CASTROVERDE

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Castroverde, de data 08 de novembro de 2023, procedeuse á aprobación definitiva da adquisición directa do seguinte ben: Solar urbano, de 844m² de superficie. Conta cun fronte á rúa Alcalde Xetas de 14m e un fondo de 60m. A referencia catastral do solar é 6658620PH3665N0001TX.

Publicase o mesmo para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 8.1.a) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>).

Contra a Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante deste Concello, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde a práctica da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Castroverde, 26 de decembro de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 4058

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 14/2023 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión ordinaria do 30 de decembro de 2023, de aprobación do expediente de modificación de créditos num.

14/2023, do orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal 649.325,58

CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos 1.574.664,10

CAPÍTULO III: Gastos Financeiro.....0

CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes 174.518,36

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións reais 1.801.559,75

CAPÍTULO VII: Transferencias de capital 12000

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros 0

CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros 0

TOTAL: 4.669.926,50

Procedeuse

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Descrición	Importe
231.467	LIQUIDACIÓN GASTOS RESIDENCIA O CASTRO ANO 2022	59.611,80
432.226	LIBRO CONCELLO DE CASTROVERDE	23.150
		82.761,80

Suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería.

As aplicación que deben incrementarse no orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Descrición	Importe
433.479	PARQUE EMPRESARIAL. OUTRAS SUBVENCIONS A EMPRESAS PRIVADAS.	29.925,56
		29.925,56

2. ° FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Altas en Concepto de Ingresos

ECONÓMICA	DESCRICIÓN	Euros
Concepto		
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	112.687,36

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Castroverde, 27 de outubro de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 4079

Anuncio

Aprobado definitivamente o orzamento para o exercicio económico de 2024, por acordo adoptado polo Pleno deste Concello na sesión que tivo lugar o día 30 DE NOVIEMBRE DE 2023, ao non terse presentado reclamacións ao mesmo, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
1	Impostos directos	805.253,32
2	Impostos indirectos	45.000
3	Taxas e outros ingresos	380.900
4	Transferencias correntes	1.560.156,55
5	Ingresos patrimoniais	7.900

TOTAL OPERACIÓN CORRENTES..... 2.799.209,87 euros

6	Alleamento de investimentos reais	0
7	Transferencias de capital	328.480,72

TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL..... 328.480,72 euros

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS..... 3.127.690,59 euros

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	673.643,21
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.980.266,00
3	Gastos financeiros	0
4	Transferencias correntes	79.406,46

TOTAL OPERACIÓN CORRENTES..... 2.733.315,67 euros

6	Investimentos reais.	379.774,92
7	Transferencia de capital	14.600

TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL..... 394.374,92 euros

TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS..... 3.127.690,59 euros

Na referida sesión acordouse, tamén, a aprobación do cadro de persoal:

CADRO DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NIVEL CD	SITUACIÓN
1	Agrupación Secretaría -Intervención	A1/A2	26	O
1	Administrativo/a	C1	22	O
1	Administrativo/a	C1	22	O
1	Auxiliar administrativo	C2	17	O
1	Auxiliar administrativo*	C2	17	O

1	Subalterno	AP	14	O
1	Traballador/a Social	A2	24	O
1	Subalterno	AP	14	O
1	Arquitecto/a (42% de xornada)	A1	25	VND

* Funcionaria en situación de servizos especiais

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO	NIVEL CD	SITUACIÓN
1	Encargado Oficial de Servizos múltiples	C2	16	O
1	Operario/a Limpador/a	AP	14	O
2	Operario/a Limpador/a	AP	14	VDP
1	Peón de Servizo múltiples	AP	14	VDP

N.C.D.: Nivel Complemento Destino;; O: Ocupada; VND: Vacante non dotada; VDP: Vacante dotada ocupada por interinidade por praza vacante

Publícanse para xeral coñecemento as bases de execución

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2024.

○ ÍNDICE

TÍTULO PRELIMINAR

Base 1. Ámbito de aplicación das Bases de Execución.

Base 2. Principios xerais

TÍTULO I. DO ORZAMENTO E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

Capítulo I. CONTIDO

Base 3. Contido e estrutura orzamentaria.

Capítulo II. OS CRÉDITOS DO ORZAMENTO

Base 4. Carácter Limitativo e vinculante dos créditos orzamentarios.

Capítulo III. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Base 5. Tipo de modificacións.

Base 6. Normas comúns ás modificacións orzamentarias.

Base 7. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Base 8. Tramitación dos expedientes de modificación por créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Base 9. Créditos ampliables.

Base 10. Transferencias de crédito.

Base 11. Xeración de créditos por novos ingresos.

Base 12. Incorporación de remanentes de crédito.

Base 13. Baixas por anulación.

TÍTULO II. DOS GASTOS

Capítulo I.

Base 14. Límite de gasto non financeiro.

Base 15. Prioridade de pago da débeda pública

Base 16. Consignación orzamentaria.

Base 17. Retención de créditos.

Base 18. Créditos non dispoñibles.

Capítulo II. Execución do Gasto

Base 19. Fases de execución do gasto.

Base 20. Normas sobre o procedemento de execución do gasto.

Base 21. Tramitación previa ao recoñecemento de obrigas.

Base 22. Tramitación da facturación electrónica

Base 23. Cesión de créditos.

Capítulo III. NORMAS ESPECIAIS

Base 24. Concesión de subvencións.

Base 25. Pagos a xustificar.

Base 26. Anticipos de caixa fixa.

Base 27. Gastos de carácter plurianual.

Base 28. Contratos menores.

Base 29. Achegas aos Grupos políticos municipais.

Base 30. Indemnizacións por razón do servizo.

▪ **TÍTULO III. DOS INGRESOS**

Base 31. A Tesourería municipal.

Base 32. Xestión dos ingresos.

Base 33. Recoñecemento de dereitos.

Base 34. Xestión de cobramentos

Base 35. Operacións de tesouraría.

Base 36. Plan de tesouraría.

Base 37. Procedemento para a aprobación de baixas pertencentes agrupación de orzamentos pechados.

▪ **TÍTULO IV. DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO**

Base 38. Liquidación do orzamento.

Base 39. Determinacións da liquidación do orzamento.

Base 40. Saldos de dubidoso cobramento.

TÍTULO V. A CONTA XERAL

Base 41. Tramitación da Conta Xeral.

Base 42. Contido da Conta Xeral.

TÍTULO VI. CONTROL E FISCALIZACIÓN**CAPÍTULO I. CONTROL INTERNO**

Base 43. Control interno simplificado.

Base 44. Exercicio da función Interventora.

Base 45. Ámbito de aplicación.

Base 46. Modalidades de fiscalización de expedientes.

CAPÍTULO II. FISCALIZACIÓN DE INGRESOS.

Base 47. Toma de razón en contabilidade.

Base 48. Fiscalización das devolucións de ingresos.

Base 49. Fiscalización posterior ao recoñecemento do dereito.

TÍTULO VII. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA E MOVEMENTOS DE TESOURERÍA.

Base 50. Información sobre a execución do orzamento e a tesourería.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA**TÍTULO PRELIMINAR****BASE 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN.**

- a) Establécense as presentes Bases de Execución do orzamento de conformidade co previsto nos artigos 165.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto do citado texto refundido, tendo por obxecto a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e características deste Concello. As presentes Bases aplicaranse con carácter xeral á execución do orzamento.
- b) A xestión dos devanditos orzamentos realizarase de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; Real Decreto 500/1990 de 20 de abril; Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2015, de 14 de marzo; Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

BASE 2.- PRINCIPIOS XERAIS.

- Principio de estabilidade orzamentaria. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos desta Entidade realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.
- Principio de sustentabilidade financeira. As actuacións desta Entidade estarán suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira definido no artigo 4 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Principio de plurianualidade. A elaboración dos Orzamentos desta Entidade encadrarase nun marco orzamentario a medio prazo, compatible co principio de anualidade polo que se reñen a aprobación e execución dos Orzamentos, de conformidade coa normativa europea.
- Principio de transparencia. A contabilidade desta Entidade, así como os seus orzamentos e liquidacións, deberán conter información suficiente e adecuada que permita verificar a súa situación financeira, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira e a observancia dos requirimentos acordados na normativa europea nesta materia.
- Principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. As políticas de gasto público deste Concello deberán encadrarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin serán aplicadas políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.

As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación deste Concello que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

TÍTULO I. DO ORZAMENTO E AS SÚAS MODIFICACIÓNS**CAPÍTULO I: CONTIDO****BASE 3.- CONTIDO E ESTRUCTURA ORZAMENTARIA.**

1. O orzamento único para este Concello ascende, no seu estado de ingresos á 3.127.690,59 euros e no estado de gastos de gastos á 3.127.690,59 euros.
2. Os créditos incluídos no Estado de Gastos do Orzamento do Concello foron clasificados cos seguintes criterios:
 - Por Programas, distinguíndose: área de gastos, política de gastos, Grupo de programas e programas.
 - Económico, distinguíndose: capítulo, artigo, concepto e subconcepto.
- c) As previsións do Estado de Ingresos do Orzamento do Concello clasificáronse separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa clasificación por: capítulos, artigos, conceptos e subconcepto.

4. Entenderanse abertas con crédito cero, todas as aplicacións orzamentarias e conceptos orzamentarios que se establecen nos Anexos I e II da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, e de acordo coas regras reguladas na mesma.

CAPÍTULO II: OS CRÉDITOS DO ORZAMENTO

BASE 4.- CARÁCTER LIMITATIVO E VINCULANTE DO ORZAMENTO.

1. Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no orzamento ou nas súas modificacións, tendo carácter limitativo e vinculante, no nivel de vinculación xurídica que expresamente se recolle nestas Bases de Execución.

2. A vinculación xurídica dos devanditos créditos, conforme autorizan os artigos 28 e 29 do Real Decreto 500/1990 citado, queda fixada a nivel de **Área de Gasto**, con respecto á clasificación por programas, e a nivel de **Capítulo**, respecto á clasificación económica.

3.- Cando se solicite autorización para a realización dun gasto que exceda da consignación da aplicación orzamentaria, sen superar o nivel de vinculación xurídica establecido no punto anterior, poderá efectuarse o mesmo sen a necesidade de máis trámites.

A fiscalización do gasto terá lugar respecto ao límite definido polo nivel de vinculación.

CAPÍTULO III. DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

BASE 5.- TIPOS DE MODIFICACIÓN.

1. Cando deba realizarse un gasto que exceda do nivel de vinculación xurídica, sen que exista crédito orzamentario suficiente ou adecuado, tramitarase o expediente de modificación de créditos que proceda, con suxeición ás particularidades reguladas no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e neste capítulo.

2. As modificacións de crédito que poderán ser realizadas nos Estados de Gastos do orzamento son as seguintes:

- Créditos extraordinarios.
- Suplementos de créditos.
- Ampliacións de crédito.
- Transferencias de crédito.
- Xeración de créditos por ingresos.
- Incorporación de remanentes de crédito.
- Baixas por anulación.

BASE 6.- NORMAS COMÚNS ÁS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS.

1. Os expedientes serán incoados por orde do Alcalde-Presidente.

2. Todo expediente de modificación de créditos será informado por Secretaría - Intervención.

3. Cando o órgano competente para a súa aprobación sexa o Pleno da Corporación, unha vez aprobado inicialmente o expediente de modificación, exporase ao público durante quince días hábiles, podendo os interesados presentar reclamacións. Se durante o citado período non se presentaron reclamacións, a modificación de crédito quedará definitivamente aprobada e, noutro caso, deberá resolver o Pleno no prazo dun mes contado desde a finalización da exposición ao público.

4. Cando a competencia corresponda ao Alcalde-Presidente, será executiva desde a súa aprobación.

5. As modificacións orzamentarias axustaranse ao disposto nestas Bases e no non previsto polas mesmas será de aplicación o establecido nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; os artigos 34 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.

6. As modificacións orzamentarias someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

BASE 7.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS.

- Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado, que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.

- Os suplementos de créditos son aquelas modificacións do orzamento de gastos nos que concorrendo as mesmas circunstancias anteriores en relación co gasto a realizar, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación.

BASE 8.- TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN POR CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS.

1. A proposta de incoación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito irá acompañada dunha memoria xustificativa da necesidade da medida, e nela deberá precisarse a clase de modificación a realizar, as aplicacións orzamentarias ás que afecta, e os medios ou recursos que han de financiarla.

2. Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderanse financiar, en virtude do artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, con algún destes recursos:

a) Remanente Líquido de Tesouraría.

b) Novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.

c) Anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións sexan estimadas reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

d) Operacións de crédito se os créditos extraordinarios ou suplementos de créditos fosen destinados para gastos de inversión.

2. Será necesario incluír Informe de Secretaría - Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, no que se informe sobre o cumprimento ou incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O incumprimento do principio de estabilidade levará á elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

3. A proposta de modificación, previo informe da Secretaría - Intervención, será sometida á aprobación do Pleno da Corporación.

4. A aprobación dos expedientes polo Pleno realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos, debendo ser executivos dentro do mesmo exercicio en que se autoricen.

5. Na tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.

6. Igualmente serán aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os Orzamentos desta Entidade Local.

7. Os acordos do Concello que teñan por obxecto a concesión de créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, en casos de calamidade pública ou de natureza análoga, de excepcional interese xeral serán inmediatamente executivos sen prexuízo das reclamacións que contra os mesmos promóvanse. Ditas reclamacións deberán sustanciarse dentro dos oito días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas de non notificarse a súa resolución ao interesado dentro de devandito prazo.

BASE 9.- CRÉDITOS AMPLIABLES.

A ampliación de crédito concrétese no aumento de crédito orzamentario nalgunha das aplicacións do orzamento, e para a súa efectividade, requirirán expediente onde ha constar:

a) Certificación de Secretaría- Intervención- Tesourería na que se acredite que no concepto ou conceptos de ingresos que han servir de base á ampliación, recoñecéronse en firme maiores dereitos sobre os previstos inicialmente no orzamento de ingresos.

b) Que os recursos afectados non procedan de operacións de crédito.

c) A determinación das contías e aplicación de gastos obxecto das ampliacións de crédito.

d) Aprobación do expediente polo Pleno da Corporación.

BASE 10.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO.

1. Transferencia de crédito é aquela modificación do Estado de Gastos do Presupuesto mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás limitacións establecidas no artigo 41 do Real Decreto 500/1990 que son as seguintes:

- a) Non afectarán os créditos ampliáveis nin aos extraordinarios concibidos durante o exercicio.
- b) Non poderán minorarse os créditos que sexan incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de Orzamentos pechados.
- c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, sexan obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

No obstante, estas limitacións non afectarán as transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

3. A aprobación do expediente de transferencias de crédito cando afecten a aplicacións orzamentarias de distinta Área de Gasto, corresponde ao Pleno da Corporación, salvo cando afecten a créditos de persoal (artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Nestes casos serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como ao réxime dos recursos contenciosos administrativos do artigo 23 (artigo 42 de devandito Real Decreto).

4. A aprobación dos expedientes de transferencias de crédito cando afecten a aplicacións orzamentarias da mesma Área de Gasto ou a créditos de persoal, corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, mediante Decreto, previo informe de Intervención, e serán ambas executivas.

5. Na tramitación dos expedientes de transferencia de crédito, cuxa aprobación corresponde ao Pleno, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións, publicidade e réxime de recursos contencioso-administrativos aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.

6. Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre partidas orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídico.

BASE 11.- XERACIÓN DE CRÉDITOS POR INGRESOS.

1. Poderán xerar crédito nos Estados de Gastos dos Orzamentos os ingresos de natureza non tributaria derivados de achegas ou compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos, alleamentos de bens do Concello, prestación de servizos, reembolsos de préstamos e os importes procedentes de reintegros de pagos indebidos con cargo ao Orzamento corrente, en canto á reposición de crédito na correlativa aplicación orzamentaria (artigo 181 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 43 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

2.- A aprobación do expediente corresponderá ao Presidente da Corporación, sendo preceptivo, en todo caso, informe previo da interventora.

3.- O expediente deberá conter:

- a) Certificación de intervención de terse ingresado, ou a existencia do compromiso de ingresar o recurso en concreto: achega, subvención, alleamento de bens, ingresos por prestación de servizos ou reembolso de préstamos, ou ben certificación de terse reintegrado o pagamento. A certificación deberá efectuarse tendo á vista o documento orixinal polo que se orixine o compromiso ou a obriga en firme do ingreso, pola persoa física ou xurídica, en particular.
- b) Informe no que se deixe constancia da existencia de correlación entre ingresos e o crédito xerado.
- c) Determinación concreta dos conceptos do orzamento de ingresos, en onde se produza un ingreso, ou compromiso de ingreso, non previsto inicialmente e da contía do ingreso.
- d) A fixación das aplicacións orzamentarias de gastos, e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

4. Xeración de créditos por reintegro de pagamentos

Neste suposto o reintegro do pagamento debe corresponderse con aqueles en que o recoñecemento da obriga e a orde de pagamento se efectúen no mesmo exercicio en que se produza o reintegro. Non esixíndose outro requisito para xerar crédito na aplicación de gastos onde se produciu o pagamento indebido, que o ingreso efectivo do reintegro.

BASE 12.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITOS.

1. Son remanentes de crédito aqueles que ao peche e liquidación do orzamento non estean suxeitos ao cumprimento de obrigacións recoñecidas, é dicir, aqueles que non chegaron á fase de recoñecemento da obrigación (fase O), por tanto, son créditos non gastados.

2. Poden ser incorporados, de acordo co art. 47 do R.D. 500/1990 en consonancia co art. 182 do R.D. Lexislativo 2/2004, os seguintes créditos:

- Os créditos extraordinarios, os suplementos de créditos e as transferencias de crédito que sexan aprobadas no último trimestre do exercicio, e para os mesmos gastos que motivaron a súa concesión ou autorización.
- Os créditos que amparen compromisos ou disposicións de gastos, aprobados polos órganos competentes da Corporación, que a 31 de decembro non sexan aprobados polo órgano competente, como obriga recoñecida e liquidada.
- Os créditos por operacións de capital.
- Os créditos autorizados en función de efectiva recadación dos dereitos afectados.
3. En materia de anulación, suspensión e adiamento e fraccionamento de pagamentos, será de aplicación a normativa contida no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei xeral tributaria, no Regulamento xeral de recadación, na Lei xeral orzamentaria e nas disposicións que desenvolvan ás devanditas normas.

BASE 35 . – OPERACIÓNS DE TESOURARÍA.

O Concello poderá concertar operacións de tesouraría por prazo non superior a un ano con calquera entidade financeira, para atender as súas necesidades transitorias de tesouraría, sempre que no seu conxunto non superen o 30 % dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior, salvo que a operación se deba realizar no primeiro semestre do ano sen que se producise a liquidación do orzamento de tal exercicio, caso en que se tomará en consideración a liquidación do exercicio anterior a este último.

A concertación de toda clase de operacións de tesouraría deberá ser sometida a informe pola Intervención municipal. Neste informe analizarase a capacidade do Concello para facer fronte, no tempo, ás obrigas que daquela deriven.

A competencia para a concertación de operacións de tesouraría corresponderalle ao alcalde-presidente ou ao Pleno da corporación, de acordo coa lexislación vixente.

As condicións iniciais das operacións de crédito a curto prazo serán as seguintes:

- r) Importe máximo: 30 % dos ingresos liquidados por operacións correntes no último exercicio liquidado.
- s) Prazo de amortización máximo: 1 ano.
- t) Tipo de xuro: EURÍBOR trimestral.
- u) Comisións de estudo e apertura: sen comisións.
- v) Comisións sobre saldo non disposto: sen comisión.
- w) Liquidación de xuros: trimestral.

BASE 36 . – PLAN DE TESOURARÍA.

Correspóndelle ao tesoureiro/a elaborar o Plan de Tesouraría, que será aprobado polo alcalde-presidente.

O Plan de Tesouraría considerará aqueles factores que faciliten unha eficiente e eficaz xestión da tesouraría municipal e recollerá necesariamente a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.

A xestión dos recursos líquidos levarase a cabo con criterios de obtención da máxima rendibilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigas nos seus vencementos temporais.

BASE 37.- PROCEDIMIENTO PARA APROBACIÓN DE BAIXAS XUSTIFICADAS DE DEREITOS E OBRIGAS PERTENCENTES Á AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS PECHADOS.

1.- Con carácter xeral, para tramitar as anulacións ou baixas de dereitos e obrigas incluídas na agrupación de Orzamentos Pechados, seguirase o seguinte procedemento de tramitación:

- Proposta motivada e detallada das baixas citadas, elaborada pola Unidade xestora.
- Informe de Intervención.
- Exposición ao público polo prazo de quince días hábiles, a través de edicto no boletín Oficial da Provincia.

x) A aprobación definitiva corresponderá , por delegación, ao Alcalde-Presidente.

2.- O procedemento previsto no punto anterior aplicase nos seguintes supostos:
a) As modificacións do saldo inicial das obrigas recoñecidas e/ou de pagamentos ordenados, cando estean orixinados por:

y) A prescrición de obrigas e/ou de pagamentos ordenados.

b) As modificacións de saldo inicial dos dereitos pendentes de cobramento, cando estean motivados por:

- Anulación de liquidacións por razón da contía de acordo co disposto no art. 41.3 do Texto Refundido da Lei Xeral Orzamentaria.

z) Prescrición de dereitos recoñecidos e liquidados.

3.- Abondará con Resolución da Presidencia, previo informe da Intervención, sen que resulten de aplicación os trámites recollidos nos puntos anteriores desta Base, as anulacións ou baixas de dereitos e obrigas incluídos na Agrupación de Orzamentos Pechados, que orixinen as operacións contables que se indican a seguir:

a) As modificacións de saldos iniciais de obrigas recoñecidas e/ou pagamentos ordenados motivadas por:

- Baixas ou economías na execución do gasto por obrigas recoñecidas con anterioridade a 1 de Xaneiro de 2016.
- Os erros contables por defectuoso contraído, cando a súa rectificación supoña unha minoración do saldo inicial.

b) As modificacións do saldo inicial dos dereitos pendentes de cobramento orixinados pola existencia de omisións no reflexo contable de actos administrativos producidos en exercicios pechados, cando deben reflectirse como tales modificacións co fin de garantir a permanente concordancia entre a información reflectida nas Contas de Recadación rendidas polo Servizo da Excm. Deputación Provincial de Lugo e da Contabilidade municipal.

h) A anulación de dereitos por:

aa) Anulación de liquidacións.

bb) Insolvencia e outras causas.

TÍTULO IV. DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

BASE 38 . – LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

O peche e liquidación do orzamento efectuarase, en canto á recadación de dereitos e ao pagamento das obrigas, o 31 de decembro do ano natural, quedando a cargo da tesouraría os dereitos liquidados pendentes de cobramento, e as obrigas recoñecidas pendentes de pagamento.

Os créditos para gastos que o derradeiro día do exercicio orzamentario non estean afectados ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Coa liquidación do orzamento deberanse determinar, de acordo co artigo 93 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, os seguintes aspectos:

- a) Os dereitos pendentes de cobramento e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro.
- b) O resultado orzamentario do exercicio.
- c) Os remanentes de crédito.
- d) O remanente de tesouraría.

A liquidación do orzamento municipal será aprobada pola Xunta de Goberno, por delegación de alcaldía do 15 de xullo de 2019, previo informe da Intervención, e previo informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, dando conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre despois da aprobación (artigos 191 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; 89 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e 16.1 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais).

No caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, estarase ao disposto no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Se faculta ao Alcalde-Presidente para que, na aprobación da liquidación do Orzamento Xeral da Corporación, poida realizar una depuración dos saldos orzamentarios de exercicios anteriores e non orzamentarios, comprobado que non respondan realmente a obrigación pendentes de pago ou Dereitos pendentes de cobro.

As obrigación recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro configurarán o remanente de tesouraría da entidade local. A cuantificación do remanente de tesouraría deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando de acordo co que se estableza regulamentariamente os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación.

Será necesario incluír Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, no que se informe sobre o cumprimento ou incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Así mesmo, deberá incluírse Informe de Avaliación do Cumprimento da Regra de gasto, no que a variación do gasto computable das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

O incumprimento do principio de estabilidade ou da regra de gasto, levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

As Entidades Locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

BASE 39.- DETERMINACIÓNS DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.

1. Coa liquidación do orzamento deberanse determinar conforme ao artigo 93 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, os seguintes aspectos:

- a) os dereitos pendentes de cobro e as obrigación pendentes de pago a 31 de decembro.
- b) o resultado orzamentario do exercicio.
- c) os remanentes de crédito.
- d) o remanente de tesouraría.

2. Os dereitos pendentes de cobro e as obrigación recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro integrarán a agrupación de Orzamentos pechados e terán a consideración de operacións de Tesouraría Local (artigo 94 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

3. O resultado das operacións orzamentarias do exercicio virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigación orzamentarias recoñecidas durante o mesmo período.

Aos efectos do cálculo do resultado orzamentario os dereitos liquidados tomaranse polos seus valores netos, é dicir, dereitos liquidados durante os exercicios una vez deducidos aqueles que, por calquera motivo, fosen anulados.

Igualmente, as obrigación recoñecidas tomaranse polos seus valores netos, é dicir, obrigación recoñecidas durante o exercicio una vez deducidas aquelas que, por calquera motivo, fosen anuladas (artigo 96 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

O resultado orzamentario deberá, no seu caso, axustarse en función das obrigación financiadas con remanentes de Tesouraría e das diferenzas de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectado.

Para os Organismos Autónomos non administrativos, o axuste producirase, ademais, en función do resultado das operacións comerciais (artigo 97 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

4. Os remanentes de crédito estarán constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados o cumprimento de obrigación recoñecidas (artigo 98 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Integrarán os remanentes de crédito os seguintes compoñentes:

- a) Os saldos de disposicións, é dicir, a diferenza entre os gastos dispostos ou comprometidos e as obrigación referidas.
- b) Os saldos de autorizacións, é dicir, as diferenzas entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- c) Os saldos de crédito, é dicir, a suma dos créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar.

Os remanentes de crédito sen máis excepcións que as sinaladas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedarán anulados ao peche do exercicio e, en consecuencia, non se poderán incorporar ao Orzamento do exercicio seguinte.

Os remanentes de créditos non anulados poderán incorporarse ao Orzamento do exercicio seguinte nos supostos establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 48 do presente Real Decreto, mediante a oportuna modificación orzamentaria e previa incoación de expedientes específicos nos que debe xustificarse a existencia de suficientes recursos financeiros.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de créditos incorporados no exercicio que se liquida, sen prexuízo da excepción prevista no número 5 do artigo 47 (artigo 99 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Efectuarase un seguimento dos remanentes de crédito aos efectos de control dos expedientes de incorporación dos mesmos.

5. O remanente da Tesouraría da Entidade Local estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigación pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio (artigo 101 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Os dereitos pendentes de cobro comprenderán:

- a) Dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio, pendentes de cobro.
- b) Dereitos orzamentarios liquidados nos exercicios anteriores pendentes de cobro.
- c) Os saldos das contas de debedores non orzamentarios.

As obrigación pendentes de pago comprenderán:

- a) As obrigación orzamentarias pendentes de pago, recoñecidas durante o exercicio, estea ou non ordenado o seu pago.
- b) As obrigación orzamentarias pendentes de pago, recoñecidas nos exercicios anteriores, estea ou non ordenado o seu pago.
- c) Os saldos das contas de acredores non orzamentarios.

A esta materia seralle aplicable a regulación disposta nos artigos 101 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

BASE 40 . – DOS SALDOS DE DUBIDOSO COBRO.

Para os efectos do cálculo de remanente de tesouraría, de acordo co artigo 193.bis do TRLRFL, consideraranse, como mínimo, dereitos de difícil ou imposible recadación os resultantes de aplicar os seguintes criterios:

- a) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 25 por cento.
- b) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 50 por cento.
- c) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 75 por cento.
- d) Os dereitos pendentes de cobramento liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, minoraranse nun 100 por cento.

En calquera caso, a consideración dun dereito de difícil ou imposible recadación non suporá a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

TÍTULO V. A CONTA XERAL

BASE 41.- TRAMITACIÓN DA CONTA XERAL

1. Esta regulación vén contida nos artigos 208, 210 e 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
2. As Entidades Locais, á terminación do exercicio orzamentario, deberán formar a Conta Xeral que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiros, patrimoniais e orzamentarios.
3. O contido, estrutura e normas de elaboración das Contas determinaranse polo Ministerio de Facenda a proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado.
4. Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan. As dos organismos autónomos e sociedades mercantís cuxo capital pertenza integramente a aquela, rendidas e propostas inicialmente polos órganos competentes destes, serán remitidas á entidade local no mesmo prazo.

A conta xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación.

A conta xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ao público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes por a Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ao Pleno da corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

As entidades locais renderán ao Tribunal de Contas a conta xeral debidamente aprobada.

BASE 42.- CONTIDO DA CONTA XERAL

A conta xeral está integrada, unicamente, pola da propia entidade.

A conta reflectirá a situación económico-financeira e patrimonial, os resultados económico-patrimoniais e a execución e liquidación dos orzamentos.

Para as entidades locais con tratamento contable simplificado, establécense modelos simplificados de contas que reflectirán, en todo caso, a situación financeira e a execución e liquidación dos orzamentos.

As entidades locais unirán á Conta Xeral os estados consolidados que determine o Ministerio de Facenda e Función Pública, nos termos previstos nas normas de consolidación que aprobe para o sector público local conformes ás Normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público.

TÍTULO VI. CONTROL E FISCALIZACIÓN

CAPÍTULO I. CONTROL INTERNO.

BASE 43. CONTROL INTERNO SIMPLIFICADO.

Coa entrada en vigor do **Real Decreto 424/2017**, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o Pleno da Corporación en sesión do 31 maio 2018, acordou establecer o réxime de control interno simplificado:

EXENCIÓN DE FISCALIZACIÓN PREVIA Non estarán sometidos a fiscalización previa:

- a) Os gastos de material non inventariable.
- b) Os contratos menores.
- c) Os gastos de carácter periódico e demais de tracto sucesivo, unha vez fiscalizado o gasto correspondente ao período inicial do acto ou contrato do que deriven ou as súas modificacións.

d) Os gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, fáganse efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

SEGUNDO.- RÉXIME SIMPLIFICADO DE CONTROL INTERNO. Incluír a este Concello dentro do réxime simplificado de control interno que regula o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

TERCEIRO.- FISCALIZACIÓN E INTERVENCIÓN LIMITADA PREVIA DE GASTOS.

Establécese como sistema xeral para todo tipo de expediente de gasto a fiscalización previa limitada debéndose de verificar os extremos do art. 13.2 do Real Decreto 424/2017, polo que o órgano interventor limitárase a comprobar os requisitos básicos seguintes:

a) Existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obrigación que se propoña contraer.

Nos casos nos que o crédito orzamentario dea cobertura a gastos con financiamento afectado comprobarase que os recursos que os financian son executivos, acreditándose coa existencia de documentos fidedignos que acrediten a súa efectividade.

Cando se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Entenderase que o crédito é adecuado cando financie obrigacións a contraer ou nada e non prescritas a cargo á tesourería da Entidade Local que cumpran os requisitos dos artigos 172 e 176 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

b) Que as obrigacións ou gastos xéranse por órgano competente. En todo caso comprobarase a competencia do órgano de contratación ou concedente da subvención cando devandito órgano non teña atribuída a facultade para a aprobación dos gastos de que se trate.

c) Aqueles outros extremos, pola súa transcendencia no proceso de xestión, determiníense polo el Pleno a proposta do Presidente previo informe do órgano interventor.

A estes efectos, con independencia de que o Pleno teña ditado ou non acordo consideraranse transcendentos os fixados no Acordo do Consello de Ministros vixente con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, naqueles supostos que sexan de aplicación ás entidades locais, que haberán de comprobarse en todos os tipos de gasto que comprende.

As obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización e intervención limitada previa serán obxecto doutra plena con posterioridade. Ditas actuacións levaranse a cabo no marco das actuacións do control financeiro que se planifiquen nos termos recolleitos no título III do Real Decreto 424/2017.

Cando dos informes de fiscalización deducíse que se teñen omitido requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería municipal ou a un terceiro, procederase ao exame exhaustivo do expediente e se, a xuízo do Interventor, danse as mencionadas circunstancias, haberá de actuar conforme ao preceptuado nos artigos 215 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Nos supostos en que a fiscalización resulte favorable, o informe poderase substituír por unha dilixencia na que constará "Intervido e conforme", a data, a firma e pé de firma do órgano Interventor. Naqueles casos que a normativa estableza a necesidade de informe de intervención e o expediente estea suxeito a fiscalización ese informe entenderase subsumido dentro do informe de intervención.

CUARTO.- TOMA DE RAZÓN EN CONTABILIDADE.

A fiscalización previa dos dereitos queda substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores.

QUINTO.- FISCALIZACIÓN POSTERIOR DE DEREITOS.

O control posterior dos dereitos e ingresos da Tesourería do Concello efectuarase mediante o exercicio do control financeiro. A substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior non alcanzará á fiscalización dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos.

SEXTO.- COLABORACIÓN CON AUDITORES PRIVADOS.

De non ser posible a formalización de convenio de colaboración cunha entidade pública, habilitar o correspondente crédito para facer fronte á contratación de colaboración con empresa privada de auditoría para a realización da auditoría das contas anuais dos exercicios 2020 e 2021.

BASE 44.- EJERCICIO DA FUNCIÓN INTERVENTORA.

De conformidade cos artigos 213 e 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), desenvolvido polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno

nas entidades do Sector Público Local, exerceranse as funcións de control interno, na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia

O exercicio da función interventora levarase a cabo directamente polo órgano interventor e o exercicio das funcións de control financeiro e control de eficacia desenvolverase baixo a súa dirección, polos funcionarios que se sinalen, podendo auxiliarse de auditores externos.

Para o exercicio das súas funcións o órgano interventor poderá requirir a documentación, aclaracións e informes que considere necesarios, en virtude do establecido no artigo 222 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

BASE 45.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

O obxecto da función interventora será controlar os actos da Entidade Local, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso. (Artigo 3 do RD 424/2017, en consonancia co establecido no artigo 214 TRLRHL).

O exercicio da expresada función comprenderá:

cc) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.

dd) A intervención previa do recoñecemento das obrigacións da comprobación material do investimento.

ee) A intervención formal da ordenación do pago.

ff) A intervención material do pago.

A función interventora exercerase nas súas modalidades de intervención formal e material.

A intervención formal consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo mediante o exame de todos os documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente.

A intervención material comprobará a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.

BASE 46.- MODALIDADES DE FISCALIZACIÓN DO EXPEDIENTE.

Se a Intervención considera que o expediente obxecto de fiscalización axústase á legalidade, fará constar a súa conformidade, mediante dilixencia asinada do tenor literal «Fiscalizado de Conformidade» sen necesidade de motivala.

Se no exercicio da función interventora o órgano interventor manifestácese en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución (artigo 215 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo).

Cando a desconformidade se refira ao recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor da entidade local, a oposición formalizarase en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá a tramitación do expediente (artigo 216 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo).

Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigación ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa axeitado.

b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.

c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

CAPÍTULO II. FISCALIZACIÓN DE INGRESOS

BASE 47.- TOMA DE RAZÓN EN CONTABILIDADE

A fiscalización previa dos dereitos queda substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que se determinan nas Bases seguintes.

BASE 48.- FISCALIZACIÓN DAS DEVOLUCIÓN DE INGRESOS.

Nas devolucións de ingresos indebidos comprobarase que o control inherente á toma de razón en contabilidade verificou que o acordo de devolución se ditou polo órgano competente e que a imputación orzamentaria foi axeitada. Ademais, verificarase:

- A execución da devolución axustouse ao recoñecemento do dereito á mesma.

- O ingreso efectivamente realizouse e non fora obxecto de devolución anterior.
- Que o pago se realizou a perceptor lexítimo e pola contía debida.

BASE 49.- FISCALIZACIÓN POSTERIOR AO RECOÑECIMENTO DO DEREITO.

1. O exercicio do control posterior de tales dereitos e ingresos comprenderá a verificación do cumprimento da legalidade tanto nos procedementos de xestión que dean lugar ao recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización de calquera ingreso público.

2. Comprobarase:

- Que o dereito económico é recoñecido e liquidado polo órgano competente, de acordo coas normas en cada caso aplicables.
- As posibles causas da modificación dos dereitos, así como os adiamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas.
- As causas que dan lugar á extinción do dereito.
- Exame particular, cando cumpra, dos supostos de derivación de responsabilidade.

TÍTULO VII. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA E MOVEMENTO DA TESOURARÍA.**BASE 59.- INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E A TESOURERÍA.**

De conformidade co establecido no artigo 207 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo de 2/2004, de 5 de marzo, o Interventor deste Concello remitirá ao Pleno Corporativo, por conduto do Presidente, información da execución trimestral dos orzamentos, nas sesións Plenarias ordinarias que este Concello celebre, despois de que aquela información fose remitida ao Ministerio de Hacienda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas EELL.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A todo o que non estea previsto nas presentes Bases seralle de aplicación o disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como as normas que desenvolvan ás anteriores.

Cantas dúbidas se susciten na aplicación das presentes Bases, serán resoltas polo Alcalde-Presidente, previo informe da Secretaría - Intervención.

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

Castroverde, 27 de decembro de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 4080

COSPEITO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2024**

Quedando definitivamente aprobados o límite de gasto non financeiro, o orzamento xeral e o cadro de persoal para o exercicio 2024 en sesión do Pleno celebrada o 1 de decembro de 2023, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público:

PRIMEIRO.- Que os estados que integran o orzamento xeral, tanto en gastos como en ingresos, a nivel de capítulos, ascenden aos importes que a continuación se expresan:

ESTADO DE GASTOS		
CAP	DESCRIPCION	CONSIGNACION
A. OPERACIONES CORRIENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	1.080.517,78
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	1.939.147,56

3	GASTOS FINANCIEROS	10.526,69
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	167.833,79
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.198.025,82
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONES REALES	450.685,81
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	196.085,88
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		651.771,69
TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS		3.849.797,51

ESTADO DE INGRESOS		
CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
A. OPERACIONES CORRIENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	971.000,00
2	IMPUESTOS DIRECTOS	35.000,00
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	499.844,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	2.037.451,38
5	INGRESOS PATRIMONIALES	11.179,67
TOTAL OPERACIONES CORRIENTES		3.554.475,05
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	405.520,59
8	ACTIVOS FINANCIEROS	5.000,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		410.520,59
TOTAL PRESUPUESTO DE INGREOS		3.964.995,64

SEGUNDO.- Que o límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello de Cospito para o exercicio 2024 ascende a 3.973.776,71 €.

TERCEIRO.- Que o cadro de persoal comprensivo dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral é o seguinte:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA			
	Grupo	Nº de	
Denominación da praza	Subgrupo	prazas	Observacións
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:			
Secretario	A1	1	Cuberta polo Titular
Interventor	A1	1	Comisión de servizos
Tesoureiro	A1	1	Cuberto polo titular
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:			
a) Subescala Administrativa			
Administrativo	C1	1	Cuberta polo titular
b) Subescala Auxiliar			
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Situación de servizos especiais
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Cuberta polo titular
Auxiliar Administrativo de administración xeral	C2	1	Vacante
c) Subescala Subalterna			
Subalterno- conserxe Casa da Cultura	AP	1	Interinidade
Subalterno de administración xeral	AP	1	Interinidade
3. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:			
Subescala de Servizos Especiais:			
-Clase: Persoal de Oficios:			
Operario de servizos	AP	1	Vacante
Axudante de servizos	AP	1	Vacante
Arquitecto	A1	1	Interinidade

B) PERSOAL LABORAL			
	Nº de		
Denominación da praza	postos	Carácter	Observacións
1.FOMENTO DO EMPREGO			
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	Fixo	Interinidade
2. PROMOCIÓN DA CUTLURA			
Limpadora Casa da Cultura	1	Temporal	Vacante
Animadora sociocultural	1	Temporal	
3. HOSPITAIS, SERVIZOS ASISTENCIAIS E C. DE SAÚDE			
Conserxe de edificios municipais	1	Fixo	Vacante
4. ENSINANZA			
Limpadoras centros de ensino	2	Fixo	Cubertas polos titulares
5. URBANISMO			
Oficiais de 1ª	1	Fixo	Cuberta polo titular

Oficiais de 1ª	1	Temporais	
Oficiais de 1ª	2	Temporais	Vacante
6.RECOLLIDA, ELIMINACIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS			
Oficial de 1ª	1	Fixo	Vacante
7. ESTRADAS			
Oficial de 1ª	4	Temporais	
Peón	2	Temporais	

Total funcionarios de carreira.....	11
Total persoal laboral fixo.....	6
Total persoal laboral temporal.....	10
Total postos de traballo 2021.....	27

Contra este acordo que agota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar o día seguinte á publicación do presente anuncio, tal e como dispón o artigo 4.2 da lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O Orzamento entrará en vigor, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia, segundo o desposto no artigo 20 do RD 500/1990 e artigo 169.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Cospeito, 29 de decembro de 2023.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 4113

Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 1 de decembro de 2023, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

1.I. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica		€	€	€
334	22103	Combustibles e carburantes	2.000,00	5.000,00	7.000,00
342	22100	Enerxía eléctrica	5.000,00	10.000,00	15.000,00
		TOTAL	7.000.00 €	15.000,00	22.000,00

1.II. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica		€	€	€	€
920	12004	Sueldos del Grupo C2	19.371,16	4.371,16	4.000,00	371,16
920	12101	Complemento específico	67.253,03	67.253,03	7.000,00	60.253,03
920	83000	Préstamos a corto plazo	5.000,00	5.000,00	4.000,00	1.000,00
		TOTAL	91.624,19	76.624,19	15.000,00	61.624,19

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Cospeito, 29 de decembro de 2023º.- Alcalde, Armando Castosa Alvaríño

R. 4114

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 26/2023 SC 03/2023), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 29/11/2023 por importe de 67500,00 euros, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

Aplicación orzamentaria		Descrición	Importe
Programa	Económica		
920.225		Admin. general. Tributos.	11.000
920.22603		Admin. gral. Publicación en Diarios Oficiales	1900
920.214		Admin. gral. Reparaciones, mantenimiento y conservación. Elementos de transporte	3105
920.220.01		Admin. gral. Material, suministros y otros. Prensa, revistas, libros y otras publicaciones.	1.100
920.220.00		Admin. gral. Admin. gral. Material, suministros y otros. Ordinario no inventariable.	1560
920.222.01		Admin. gral. Material, suministros y otros. Comunicaciones. Postales	4373
920.221.03		Admin. gral. Suministros. Combustibles y carburantes	5.953
334.22609		Promoción cultural. Actividades culturales y deportivas	11.765
459.210		Otras Infraestructuras. Reparaciones, mantenimiento y conservación. Infraestructuras y bienes naturales	11.190
459.214		Otras Infraestructuras. Reparaciones, mantenimiento y conservación. Elementos de transporte	4.231
1621.221.03		Recogida de residuos. Suministros. Combustibles y carburantes	3.323
165.22100		Alumbrado público. Material, suministros y otros. Suministros. Energía eléctrica.	8.000
TOTAL			67.500,00

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

Partida ingresos	Descrición	Euros
870.00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais	67.500,00
TOTAL		67.500,00

Folgoso do Courel, 27 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 4081

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de decembro de 2023, prestou aprobación á modificación de cadro do persoal e relación de postos de traballo, coa creación dos catro postos de traballo de persoal laboral fixo da área de Servizos Sociais para o Servizo de Atención Temperá por considerar os mesmos de natureza estrutural: enfermeira/o, sicóloga/o, logopeda e terapeuta ocupacional. Unha vez teña eficacia, os contratos laborais temporais deberán transformarse en interinos por vacante, mentres se realiza o proceso de selección, segundo o disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido la Lei do Estatuto do Empregado Público.

En cumprimento do establecido na Lexislación Vixente, sométese ao trámite de información pública, a efectos de exame e presentación de reclamacións, por un prazo de vinte días hábiles, mediante inserción de anuncios no Taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo, que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, poderán formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, 28 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 4082

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 18/2023, (sexto de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados por transferencias de crédito, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día un de decembro de dous mil vinte e tres, por un importe total de DEZAOITO MIL TRESCENTOS UN EUROS CON TRES CÉNTIMOS DE EURO (18.301,03 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

<u>CAPÍTULOS</u>	<u>IMPORTES</u>
1.- Gastos de persoal.....	1.380.734,43.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	2.315.780,72.-
3.- Gastos financeiros.....	9.004,00.-
4.- Transferencias correntes.....	178.138,07.-
6.- Inversións reais.....	1.555.545,16.-
7.- Transferencias de capital.....	56.400,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.495.602,38.-

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 28 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 4083

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobado polo Pleno desta Corporación o expediente de modificación de créditos número 19/2023, (septimo de competencia do Pleno), para créditos extraordinarios, financiados por maiores ingresos sobre os inicialmente previstos, dentro do vixente Orzamento municipal, polo acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día un de decembro de dous mil vinte e tres, por un importe total de QUINCE MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (15.214,67 €); de acordo co preceptuado e en cumprimento co disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do Estado de Gastos, do referido Orzamento, queda da seguinte forma:

CAPÍTULOS	IMPORTES
1.- Gastos de persoal.....	1.380.734,43.-
2.- Gastos correntes en bens e servizos	2.315.780,72.-
3.- Gastos financeiros.....	9.004,00.-
4.- Transferencias correntes.....	178.138,07.-
6.- Inversións reais.....	1.570.759,83.-
7.- Transferencias de capital.....	56.400,00.-
8.- Activos financeiros.....	0,00.-
9.- Pasivos financeiros.....	0,00.-
SUMA TOTAL.....	5.510.817,05.-

Modifícase o anexo de inversións.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Friol, 28 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 4084

GUNTÍN

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,(Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 277 de 02/12/2023) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 30 de novembro de 2023, sobre expediente de modificación de créditos nº MC 18/2023, modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO por importe de 101.157,96€, como se indica a continuación:

INCREMENTO DE INGRESOS DO ORZAMENTO DE 2023

Concepto	Destino	Importe
870.00	Remanente de Tesourería	101.157,96€

INCREMENTO EN GASTOS DO ORZAMENTO DE 2023

ALTA EN PARTIDA DE GASTOS	IMPORTE
136 221	383,01€
151 227	5.474,04€
161 210	98,96€

161	221	5.519,43€
161	227	686,84€
1621	227	7.639,50€
1623	227	11.729,25€
165	221	11.636,90
170	213	6.986,32€
170	221	1.130,19€
170	226	580,80€
342	227	3.375,90€
454	210	33.916,82€
920	226	10.000,00€
920	230	2.000,00€
		101.157,96€

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 28 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 4085

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,(Boletín Oficial de Provincia de Lugo nº 277 de 02/12/2023) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 30 de novembro de 2023, sobre expediente de modificación de créditos nº MC 19/2023, modalidade SUPLEMENTO DE CRÉDITO por importe de 207.236,54€, como se indica a continuación:

INCREMENTO DE INGRESOS DO ORZAMENTO DE 2023

Concepto	Destino	Importe
870.00	Remanente de Tesourería	207.236,54€

INCREMENTO EN GASTOS DO ORZAMENTO DE 2023

ALTA EN PARTIDA DE GASTOS	IMPORTE
454.619	48.338,33€
454.619	3.452,73€
454.619	48.343,06€
454.619	3.453,08€

454.619	48.349,23€
454.619	3.453,52€
454.619	48.390,14€
454.619	3.456,45€
TOTAL	207.236,54€

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 28 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 4086

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, (Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 277 de 02/12/2023) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 30 de novembro de 2023, sobre a modificación de subvención nominativa, sen incremento da contía global das subvencións nominativas, quedando o cadro de subvencións nominativas 2023 do seguinte xeito:

BENEFICIARIOS	APLICACIÓNS	IMPORTE
Festas Patronais de Guntín	338.480	2.800,00
Festas Parroquias (350*festa e parroquia)	338.480	10.850,00
Torneo Tute	338.480	500,00
Asociación de veciños San Estaben da Mota	338.480	400,00
Excursión Colexios	338.480	1.500,00
A.P.As (Guntín e Lousada)	338.480	15.500,00
Amigos Mosteiro de Ferreira	338.480	1.000,00
Certame Condado de Pallares	338.480	2.000,00
Asociación Cultural Banda Municipal de Guntín	338.480	34.000,00
Asociación O Carrual	338.480	800,00
Festa da Troita	338.480	700,00
Fútbol sala Guntín	341.480	1.000,00
Club Atletismo	341.480	2.000,00
Club Deportivo Guntín	341.480	22.500,00
Publicidade participación Campionato de Rallyes Manuel Mourelos Varela	341.480	2.000,00
Asociación de Pensionistas e Jubilados o Ramallo de Portomarín	341.480	500,00
TOTAL subvencións nominativas 2023		98.050,00€

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido la Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 28 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 4087

O INCIO

Anuncio

Mediante Acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 29/12/2023, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un posto de **Peón de Servizos Múltiples**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), durante 6 meses, ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Lugo “*Reforzo do Emprego*” (Plan Único 2023).

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 08:00 a 15:00 horas, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello do Incio (<https://concellooincio.sedelectronica.gal/>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellooincio.sedelectronica.gal/> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

O Incio, 29 de decembro de 2023.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 4115

LOURENZÁ

Anuncio

Non habéndose presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo Plenario de data 10 de outubro de 2023 sobre a derogación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos, publicado no B.O.P. Núm. 250 Do día 31 de outubro de 2023, cuio texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR EL APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGÍA ELÉCTRICA, GAS, AGUA E HIDROCARBUROS.

Monforte de Lemos, 27 de decembro 2023.- O Alcalde P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 4094

*Anuncio***APROBACION PADRONS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA , TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga NOVEMBRO-DECEMBRO E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 18.12.2023 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do 6º bimestre 2023 NOVEMBRO-DECEMBRO 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día o 30.12.2023 ata o 28.02.2024.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Advértese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 27 de decembro 2023.- O Alcalde P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 4095

MONTERROSO*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 15 de decembro de dous mil vinte e tres , aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de xaneiro de 2024 ao 21 de febreiro de 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 26 de decembro de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 4096

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 13.12.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de novembro de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 393,04 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 146,28 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 18 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 4120

AS NOGAIS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO ANO 2024

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 24/12/2023 aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de As Nogais para o exercicio 2024. No Boletín Oficial da Provincia nº 276 do 01/12/2023 foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións, sen que se presentara algunha, polo que, de conformidade co artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase resumido por capítulos, así como o cadro de persoal:

1. CAPÍTULO	GASTOS		CAPÍTULO	INGRESOS	
1	Gastos de persoal	683.754,32	1	Impostos directos	204.500
2	Gastos correntes en bens e servizos	227.509,15	2	Impostos indirectos	6.500
3	Gastos financeiros	4.000	3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	134.800
4	Transferencias correntes	12.983	4	Transferencias correntes	585.670,97
5	Fondo de continxencia	0,00	5	Ingresos patrimoniais	8.883,90
6	Investimentos reais	10.108,40	6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	2.000	9	Pasivos financeiros	0,00

TOTAL	940.354,87 €	TOTAL	940.354,87 €
--------------	---------------------	--------------	---------------------

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE AS NOGAIS 2023

A) Funcionarios:

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS	Grupo	CD	XORNADA	SITUACIÓN
Secretaría-Intervención	1	A1	26	100%	Ocupada. Nomeamento definitivo
Subalterno	1	E	13	100%	Vacante en proceso de estabilización de emprego
Arquitecto/a Municipal	1	A1	22	37,33%	Vacante dotada orzamentariamente
Técnico de Administración	1	A2	18	100%	Vacante dotada orzamentariamente

B) Persoal laboral fixo:

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS	POSTO DE TRABAJO	XORNADA	SITUACIÓN
Operario servizos múltiples	1	Servizos múltiples	100%	Ocupada (estabilización)
Traballador social	1	Servizos Sociais	100%	Ocupada (estabilización)
Operarios servizos municipais	1	Servizos múltiples	100%	Ocupada (estabilización)
Técnico medio	1	Axente Local de Emprego	100%	Ocupada (estabilización)
Auxiliar de axuda no fogar	11	Servizos Sociais	100 %	Ocupada (estabilización)

c) Persoal laboral temporal:

DENOMINACIÓN	Nº	POSTO DE TRABAJO	XORNADA	SITUACIÓN
Auxiliar de axuda no fogar	4	Servizos Sociais	100 %	Vacante. Cobertura temporal
Operario servizos múltiples. Programa de fomento do emprego	Variable en función das subvencións recibidas			
Peón de incendios				
Xefe de brigada de incendios				

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas nos artigos 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita xurisdición.

As Nogais, 29 de decembro do 2023.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 4121

OUROL

Anuncio

O Pleno do concello de Oural, en sesión ordinaria celebrada o día tres de novembro de dous mil vinte e tres, aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por subministración e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, colocación e utilización de reguladores de presión, que afecta a unha serie de artigos, entre eles, a modificación da cota tributaria.

O anuncio da aprobación provisional publicouse no BOP de Lugo, nº 256, do mércores, 08 de novembro, sen que durante o prazo de información/exposición ao público se producise ningunha reclamación.

O devandito acordo plenario elévase a definitivo por non terse presentado reclamacións durante este prazo e, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro da Ordenanza.

Contra o referido acordo que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras desta Xurisdición.

ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE REGULADORES DE PRESIÓN

Artigo 1º.- FUNDAMENTACIÓN E RÉXIME

Este Concello, conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.t) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa por subministración e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, colocación e utilización de reguladores de presión, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do citado RDL 2/2004.

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación polo Concello dos seguintes servizos:

- .- Subministración de auga potable
- .- Enganche á rede xeral de abastecemento de auga

Artigo 3º.- DEVENGO

- 1.- A obriga de contribuír nace desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa solicitude ou desde que se utilice este sen ter solicitado/obtido a previa autorización.
- 2.- O período impositivo será trimestral.

Artigo 4º.- SUXEITOS PASIVOS

1º.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta ordenanza.

2º.- Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

3º.- Estarán exentos do pagamento da taxa por subministración e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, os perceptores de pensións non contributivas, sempre que as mesmas constitúan o único ingreso da unidade familiar.

Así mesmo estarán exentos os perceptores da renda de integración social de Galicia.

O dereito a esta exención requirirá a previa solicitude e a debida acreditación por parte do solicitante así como a súa autorización polo órgano municipal competente.

Artigo 5º.- BASE IMPOÑIBLE

A base impoñible do presente tributo estará constituída por:

- .- Na subministración ou distribución de auga: Os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.
- .- Nas acometidas á rede xeral: O feito de conexión á rede xeral por cada inmovible individual.

Artigo 6º.- COTA TRIBUTARIA

1. A contía da taxa regulada nesta ordenanza, será a fixada nas seguintes tarifas:

A. SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

TARIFA SUBMINISTRACIÓN AUGA

IMPORTE TRIMESTRAL

- .- Cota de mantemento

0,55 €

- .- Consumo ata 40 m3

11,55 €

.- Consumo de 40 m3 ata 80 m3

0,35 €/m3

.- Consumo de 80 m3 en diante

0,70 m3

A estas tarifas aplicaráselles a porcentaxe de IVE legalmente establecida.

A cota de mantemento será fixada para cada trimestre.

B.- ACOMETIDAS Á REDE XERAL DE AUGA

Independentemente do tipo de clase de solo de que se trate, establécese unha cota por acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable de corenta e oito euros, (48,00 €), IVE incluído.

C.- CONTADORES E REGULADORES DE PRESIÓN

Os solicitantes están obrigados á compra do contador debidamente homologado e do regulador de presión, que serán colocados polo usuario, a partir da autorización do enganche á rede, aprobada polo órgano municipal competente.

As avarías e reposicións dos contadores e dos reguladores de presión serán por conta dous usuarios.

A solicitude para o enganche á rede xeral de abastecemento de auga deberá presentarse no Rexistro municipal de entrada do concello de Ourense.

Unha vez autorizado o enganche á rede xeral de abastecemento de auga, tanto o contador como o regulador da presión deberán colocarse, sempre fóra da vivenda ou da industria nun lugar accesible e no exterior do cerramento do predio, de xeito que non sexa necesario acceder ao interior da propiedade.

En todo caso, os contribuíntes que non cumpran este requisito disporán dun prazo de dous anos, dende a entrada en vigor desta ordenanza para acometer as actuacións necesarias para o seu cumprimento.

Artigo 7º.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- A débeda tributaria derivada da taxa polo subministro de auga liquidarase por padrón. A inclusión no padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da tramitación dunha solicitude de alta ou consecuencia da actividade de inspección municipal.

2.- O período de liquidación, (trimestral), coincidirá co período impositivo sinalado no artigo 3.2 desta ordenanza, tendo as tarifas que se perciban durante o mesmo carácter irreductible.

3.- A recadación da taxa realizarase mediante recibo. O período voluntario de cobro fixarase en tres meses desde a aprobación do correspondente padrón trimestral.

4.- O ingreso das cotas practicarase mediante domiciliación bancaria.

5.- O impago en período voluntario dos recibos orixinará automaticamente o inicio do período executivo.

6.- Nos casos en que por erro ou calquera outra causa o Concello facturara cantidades inferiores ou superiores ás debidas poderá compensar a diferenza, ben de xeito escalonado nos sucesivos recibos ou, ben de xeito único no recibo do trimestre seguinte ao que se detectou o erro.

Artigo 8º.- RESPONSABLES

Aos efectos de recoñecer aos responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ao disposto no establecido na sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

1º.- Cando por parte do concello se prohiba o uso de auga debido á existencia de restricións por seca, as sancións serán as seguintes:

.- Rego ou baldeo de viais, rúas ou beirarrúas de carácter público ou privado: Cen euros, (100,00 €)

.- Rego de xardíns, pradeiras, árbores, zonas verdes, zonas deportivas, hortas e cultivos de carácter público ou privado: Cen euros, (100,00 €)

.- Lavado de toda clase de vehículos: Douscentos euros, (200,00 €)

.- Enchenta de piscinas ou similares: Cincocentos euros, (500,00 €)

No caso de reincidencia a sanción imposta será o dobre da estipulada.

En todo caso, considerase infracción a utilización do servizo sen a previa formalización da autorización municipal correspondente, a utilización da auga para fins distintos dos autorizados así como a manipulación polos usuarios da rede municipal de auga.

A sanción que se fixa nestes supostos ascende a cincocentos euros, (500,00 €).

2º.- En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación entrará en vigor o día un de xaneiro de dous mil vinte e catro.

Ourol, 26 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 4063

Anuncio

O Sr. Alcalde-Presidente asinou o Decreto nº 2023-0412, de data vinte e seis de decembro, que literalmente di:

“DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO.

En exercicio das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 43 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e a Disposición Adicional 2ª parágrafo 9º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, RESOLVO:

PRIMEIRO: Delegar na Xunta de Goberno Local, as atribucións que deseguido se relacionan:

- a) O desenvolvemento da xestión económica de conformidade co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.5 da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o dez por cento dos seus recursos ordinarios, agás as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o quince por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordear pagamentos e rendir contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
- b) Aprobar a oferta de emprego público de conformidade co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.
- c) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- d) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que a devandita facultade estea atribuída a outros órganos.
- e) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.
- f) O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.
- g) Ordear a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.
- h) A competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- i) A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millón de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- j) A potestade sancionadora en materia urbanística baseándose no artigo 222.1 da LOUG.
- k) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao concello e non o atribúan a outros órganos municipais.

A devandita delegación comprende as facultades de resolver procedementos administrativos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

SEGUNDO: A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

TERCEIRO: Dar conta da presente Resolución no primeiro Pleno ordinario que se celebre de conformidade co disposto no artigo 44.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que mando e asino en Ourol na data da sinatura á marxe. O Alcalde-Presidente. A Secretaria-Interventora.”

Ourol, 27 de decembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 4089

PARADELA

Anuncio

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DE (1) UN/UNHA ADMINISTRATIVA/O, FUNCIONARIA/O INTERINA/O, PARA O PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2023.

O Concello de Paradelas, aprobou por Resolución da Alcaldía de data 27 de decembro de 2023, as seguintes bases para a selección de 1 administrativa/o, funcionaria/o interina/o, no marco do “PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023”

“BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DE (1) UN/UNHA ADMINISTRATIVA/O, FUNCIONARIA/O INTERINA/O PARA O PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO DO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO 2023.

PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS

1. Obxecto.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso de selección para un/ha traballador/a coa seguinte categoría:

- Administrativa/o, para o servizo de administración xeral, no marco do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Único de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, anualidade 2023.

A relación como funcionaria/o interina/o para a execución de programas de carácter temporal, ao abeiro do Programa de Reforzo de Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023, na modalidade prevista no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP) e no artigo 23.2.c da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego público de Galicia, segundo o establecido no citado Plan, terá unha duración de nove (9) meses e a xornada completa.

2. Normas de aplicación.

O procedemento de selección regularase polo previsto nas presentes bases, e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, e de acordo coas instrucións da Deputación Provincial de Lugo para a execución do “PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023”, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos, anualidade 2023.

1.3. Sistema de selección

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición.

1.4. Publicidade

A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Paradelas, na sede electrónica do Concello de Paradelas <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es, así como

na páxina web da Deputación Provincial de Lugo e no boletín oficial da provincia de Lugo; o resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web do Concello de Paradela (www.paradela.es).

SEGUNDA. MODALIDADE

- Réxime: funcionaria/o interina/o para a execución de programas de carácter temporal, ao abeiro do Programa de Reforzo de Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023, na modalidade prevista no artigo 10.1.c) do EBEP e no artigo 23.2.c da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego público de Galicia.

- Ocupación: administrativa/o-Grupo de cotización 5.

- Xornada: completa (100%).

- Horario: de luns a venres.

- Duración contratación: 9 meses.

A selección do/a traballador/a será mediante o sistema de concurso-oposición.

TERCEIRA. REQUISITOS DA/OS ASPIRANTES .

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao empregado público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidades de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

f) Titulacións académicas: Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias, a titulación de Bacharelato superior, Formación Profesional de 2º grao ou titulacións equivalentes ou superiores que habiliten para o acceso á praza convocada. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 4. Se non se pode acreditar este requisito poderase acceder igualmente ao proceso selectivo pero será necesario superar unha proba de lingua galega nos termos establecidos na cláusula sétima.

h) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego. De acordo co establecido no último parágrafo do artigo 11.1 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 "É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello".

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión da/o solicitante o día de presentación de instancias e manterse na data de contratación da/o candidato/a.

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e estará dispoñible na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e páxina web (www.paradela.es) e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Paradela, no prazo de cinco (5) días hábiles que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na súa páxina web www.paradela.es.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nestas bases-CELGA 4. No suposto de carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego segundo o establecido na cláusula terceira e sétima.
- Declaración responsable, asinada/o pola/o aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola/o aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitada/o ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Tarxeta de demandante de emprego ou mellora de emprego.
- Informe de vida laboral actualizado á data da solicitude.
- Relación-Anexo III, segundo a orde que se establece na base sétima, dos méritos que a/os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos.

4.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Paradela (Lugo), poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A/os aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Paradela, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por correo electrónico concello.paradela@eidolocal.es, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitida/os e excluída/os, con especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es, sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase a composición do tribunal cualificador e data de constitución, lugar e hora de realización das probas de selección.

No caso de non existir candidata/os excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, a/os interesada/os decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidata/os que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionaria/os de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidenta/e e outro coma secretaria/o do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Paradelá, na sede electrónica do Concello de Paradelá <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidenta/e: Un/ha funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretaria/o: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionaria/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal garantírase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entre ambos os dous sexos, ao ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, a/os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidenta/o e da/o secretaria/o ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretaria/o e co visto e praxe da/o Presidenta/e.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso - oposición.

I) FASE DE OPOSICIÓN. De carácter obrigatorio e eliminatorio. A puntuación máxima da fase de oposición será de 20 puntos.

Consistirá na realización dunha proba teórica, cuestionario tipo test, un suposto práctico e unha proba de coñecemento da lingua galega, esta última só para aqueles/as aspirantes que non acrediten no prazo de presentación de instancias o seu coñecemento.

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá nunha proba escrita, tipo test de 20 preguntas, a desenvolver en 40 minutos, con respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no ANEXO I. Cada resposta correcta sumará 0,50 puntos. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. Este exercicio puntuará ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 5,00 puntos para superala.

O aspirante que non supere esta proba teórica non pasara a proba práctica.

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Realizarase xusto despois da proba teórica e nela participarán aqueles candidata/os que superaron o primeiro exercicio tipo test. Consistirá na resolución dun caso práctico en relación co posto de traballo en base ao temario que acompaña a estas bases, proposto polo tribunal a resolver polos candidatos no prazo dunha hora. Este exercicio puntuará un máximo de 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación de 5,00 puntos para superar esta proba.

A puntuación final do proceso selectivo virá determinada pola suma dos puntos obtidos no primeiro e segundo exercicio. Para superar o proceso deberá obter un mínimo de 10 puntos (5 puntos no primeiro exercicio e 5 puntos no segundo exercicio).

Proba de galego.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega da/os aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto ou non apto. A proba consistirá en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego, durante 20 minutos.

Estarán exentos da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, con carácter previo, como mínimo o título Celga 4 ou equivalente debidamente homologado.

m) FASE CONCURSO. Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición, só aos aspirantes que superasen a fase de oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

A puntuación máxima total do concurso establécese en seis (6) puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

1.Experiencia profesional. Máximo dous (2) puntos:

-Por servizos prestados na Administración Local dentro dos últimos 2 anos anteriores a esta convocatoria, en postos de traballos iguais aos que se convocan (ADMINISTRATIVO)... 0,20 puntos/mes completo.

-Por servizos prestados noutras administracións públicas distintas da local dentro dos últimos 2 anos anteriores a esta convocatoria, en postos de traballos iguais aos que se convocan (ADMINISTRATIVO)... 0,10 puntos/mes completo.

Non se computarán os períodos de tempo inferiores a 1 mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días naturais. En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Forma de acreditar os méritos alegados: Para acreditar os méritos sinalados neste apartado achegarase copia compulsada dos contratos de traballo e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. A copia compulsada dos contratos de traballo poderá ser substituída por un certificado de servizos prestados no caso de que se prestarán na Administración Pública, sempre que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado. De non presentarse a citada documentación (vida laboral e contratos/certificados de servizos prestados), ou se se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

2. Titulacións académicas complementarias.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de titulacións académicas complementarias será de 2,00 puntos.

Por posuír titulacións académicas distintas da esixida para participar no proceso de selección. En todo caso, estas titulacións deberán complementar a mínima esixida para acceder á selección e estar relacionada coas funcións a desenvolver, por quen resulte seleccionado:

-Ciclo medio de FP ou equivalente (FPI): 0,75 puntos cada unha.

-Ciclo superior de FP ou equivalente (FPII): 1,00 puntos cada unha.

-Diplomado/a Universitario: 1,75 puntos cada unha.

-Licenciado /a Universitario: 2,00 puntos cada unha.

-Título de grao: 2,00 puntos cada unha.

A xustificación deste apartado, farase coa presentación de fotocopia e orixinal do título correspondente, fotocopia compulsada, ou co certificado acreditativo da súa obtención.

3. Accións formativas.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de accións formativas será de 2,00 puntos.

Accións formativas específicas directamente relacionadas co emprego a desenvolver.

-Cursos de ata 20 horas de duración: 0,10 puntos.

-Cursos de 21 horas ata 50 horas de duración: 0, 20 puntos.

-Cursos de 51 horas a 100 horas de duración: 0,30 puntos.

-Cursos de 101 horas ou mais de duración: 0,40 puntos.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e/ou financiou, acreditativo da súa realización. De non figurar na documentación acreditativa o contido do mesmo e a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración. Os cursos co mesmo contido, soamente se valorará o curso de maior duración. En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Master ou outra titulación de postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

NOTA: Os cursos, xornadas, seminarios, etc directamente relacionados coas funcións propias do emprego a que se opta deben estar realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios oficiais de profesionais e outros cursos homologados pola administración pública.

O tribunal en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado pola/os aspirantes na documentación aportada coa instancia solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE SELECCIÓN.

Os exercicios realizaranse no prazo máximo de dez (10) días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con dous (2) días hábiles de antelación, como mínimo, o comezo do exercicio, no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es, o día, hora e lugar onde se celebrarán as probas.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Paradela <https://paradela.sedelectronica.es> e na páxina web www.paradela.es e no lugar onde se realizou o exercicio.

A/os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir, etc), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

A/os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

A natureza xurídica que se empregará será a recollida no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que se denominará “funcionario interino por execución de programa de carácter temporal”, coa categoría de técnico, pertencente á escala de administración especial. A duración do nomeamento será como mínimo ata o 31 de decembro de 2024, prorrogable por doce meses máis, dependendo da existencia de financiación. Pero en todo caso, terá como data límite o 31 de decembro de 2025, coincidente coa vixencia do programa “Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025”.

II.—Funcións/tarefas e retribucións económicas

O aspirante seleccionado/a por medio da presente convocatoria estará suxeito/a, no desenvolvemento das funcións propias da súa categoría profesional, ás normas internas de funcionamento do Concello do Vicedo; tendo como funcións encomendadas entre outras: a atención e xestión da aula CeMIT, organización de actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais para a poboación en xeral, etc., e as retribucións salariais serán as que corresponden a un grupo B, complemento de destino 16.

III. - REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

a) Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión da titulación mínima requirida: Formación profesional de grado superior ou equivalente, ou estar en condicións de obtela data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidelmente a súa homologación.

d) Estar en posesión do documento que acredite ter superado o CELGA 4 ou certificación do curso de perfeccionamento do galego.

e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

f) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada ou en situación equivalente nin ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.

Estes requisitos deberán posuírse, e se é o caso acreditarse, antes da finalización do prazo de presentación de instancias.

A persoa seleccionada e antes da dación de alta deberá presentar:

-Certificado médico ou certificado de aptitude expedido por mutua autorizada acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

- Certificado negativo do rexistro central de delitos sexuais.

IV. - SOLICITUDES

Quen desexa participar no concurso-oposición deberá presentar a documentación que máis abaixo se relaciona, no rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

Xunto coas anexos II, III e IV achegarase a seguinte documentación:

- a) DNI ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- b) Titulación esixida.
- c) Documento que acredite estar en posesión do CELGA 4 ou do título de perfeccionamento do galego.
- d) Ademais xuntarse, de ser o caso, a seguinte documentación:

-Documentación xustificativa da fase de concurso (títulos, diplomas ou certificados de asistencia dos cursos realizados, contratos de traballo e vida laboral)

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal, copia auténtica ou copia compulsada.

Os/as solicitantes manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nestas bases referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentara toda a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación.

V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes será de 8 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

VI.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

No rexistro xeral do Concello do Vicedo, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso que a solicitude se presente nun lugar distinto ao rexistro do Concello do Vicedo, ademais deberá remitirse dentro de prazo copia da instancia correctamente selada por fax ao número 982590001.

VII.—Admisión dos/as aspirantes

1. Rematado o prazo dos 8 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, por resolución da Alcaldía acordase a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao concurso - oposición, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de edictos deste Concello, na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>

Na lista provisional farase indicación do día e da hora na que terá lugar a proba de selección e a valoración da fase de concurso; tamén se designará a composición do tribunal de selección.

De non existir persoas aspirantes excluídas, elevarase a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no taboleiro de edictos e na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> . No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

VIII. – SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso – oposición.

a) Fase de oposición: As persoas aspirantes convocaranse nun chamamento único, agás en casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo tribunal. A non comparecencia no momento de ser chamados, comportará que decae automaticamente, e, en consecuencia, quedará excluída do proceso selectivo.

- **Exercicio:** o exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito e durante o tempo máximo de 1 hora e trinta minutos, a un cuestionario de cinco preguntas por escrito, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo I a estas bases.

O tribunal cualificará este exercicio de 0 a 10 puntos, a razón de dous puntos por pregunta, sendo preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superalo e pasar á fase de concurso.

b) Fase de concurso:

A fase de concurso, que será posterior á fase de oposición, non terá carácter eliminatorio.

En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Os méritos das persoas aspirantes valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte:

Puntuación de méritos:

- Titulacións:

- Enxeñeiro/a Superior en Informática: 2 puntos.
- Enxeñeiro/a Técnico/a en Informática: 1,50 puntos.
- Outras titulacións coa categoría de técnico/a superior da rama informática: 1 punto.

Só se valorará a titulación de maior puntuación.

- Experiencia profesional:

Por cada ano completo de servizos efectivamente prestados en calquera administración pública, en postos de iguais ou semellantes cometidos ou noutros proxectos de implantación das TIC con impacto na cidadanía, un punto por ano completo, valorándose as fraccións inferiores ó ano en 0,0833 puntos por mes, e sen que o total poidan exceder, en todo caso, de 2 puntos.

Por cada ano completo de servizos prestados na empresa privada, en postos de iguais ou semellantes cometidos que a praza que se convoca, 0,50 puntos por ano completo, valorándose as fraccións inferiores ó ano 0,042 puntos por mes, e sen que o total poida exceder, en todo caso, de 1 punto.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da administración ou mediante a presentación dos contratos de traballo, sendo esencial achegar informe da vida labora

- Outros méritos:

Pola realización de cursos de formación impartidos en centros públicos oficiais e escolas administrativas públicas que se consideren relevantes para a praza a que se opta, ou que posúan relación coas funcións a desenvolver, ata un máximo de 0,75 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- De 15 a 24 horas de duración: 0,10 puntos
- De 25 a 39 horas de duración: 0,20 puntos
- De 40 a 59 horas de duración: 0,30 puntos
- De 60 a 79 horas de duración: 0,40 puntos
- De 80 a 100 horas de duración: 0,50 punto
- De 101 ou máis horas de duración: 0,65 puntos.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos; de non figurar, entenderase que teñen menos de 14 horas e, polo tanto non serán valorados.

2º) Pola realización de cursos de formación impartidos en centros privados e que se consideren relevantes para a praza á que se opta, ou que posúan relación coas funcións a desenvolver, ata un máximo de 0,25 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- De 25 a 49 horas de duración: 0,10 puntos
- De 50 a 100 horas de duración: 0,20 puntos
- De 101 ou máis horas de duración: 0,25 puntos

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos; de non figurar, entenderase que teñen menos de 25 horas e, polo tanto non serán valorados.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberán posuír na data de remate do prazo para presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a dita data, sendo valorados so os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

A puntuación final estará determinada polo resultado de sumar á puntuación obtida na fase de oposición os méritos da fase de concurso.

No caso de empate, terá preferencia a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, o Tribunal reiterará o exercicio da fase de oposición coas persoas aspirantes declaradas aptas de igual puntuación ata eliminar aquelas que excedan do número de postos de traballo convocados (1), quedando o resto en lista de espera, ós efectos de renuncia, baixas ou calquera outra continxencia, sendo requerida a persoa aspirante que figure na lista con maior puntuación e así sucesivamente.

IX.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador do concurso - oposición terá a seguinte composición:

- Presidente/a: Pertencente á Administración Local, con carácter de persoal funcionario de carreira do Grupo A.
- Secretario/a: Secretario – Interventor do Concello ou funcionario no que delegue.
- Vogais: Tres membros pertencentes á Administración Local, con carácter de persoal funcionario.

1. O Tribunal de selección, nomeado pola Alcaldía, será colexiado e a súa composición nominal axustarase ao disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e ao artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Na designación de membros terase en conta a paridade entre homes e mulleres.

2. Poderán formar parte do Tribunal os funcionarios municipais ou de calquera outra administración local, con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado. Non poderán formar parte as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o persoal laboral, ou persoal eventual e as persoas que nos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores/as.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

4. Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído o Secretario/a.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos ao Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

X.- Cualificacións finais e proposta do tribunal

1. Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no Taboleiro de edictos e na sede electrónica do concello <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

2. O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer o nomeamento dun número de aspirantes aprobados superior ao número de prazas ofertadas. Calquera proposta de nomeamento que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase segundo o estipulado no último parágrafo da base VIII.

Concluído o proceso selectivo e a proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, acordarán a toma de posesión do/a aspirante proposto/a.

A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía e para a Xunta de Goberno Local.

Se algún dos/as aspirantes non tomase posesión no prazo que se lle conceda, e segundo o estipulado na base VIII, a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán acordar a toma de posesión do/a aspirante ou aspirantes seguintes con maior puntuación que se precisen respectando, en todo caso, a orde de puntuación.

A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, poderán igualmente facer uso da facultade recollida no apartado anterior no suposto de que durante a vixencia da prestación de servizos algún dos traballadores/as cause baixa pola razón que sexa.

XI.- Incompatibilidade co cargo

O réxime de incompatibilidades será o previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu Regulamento.

XII.-Protección de datos

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados no departamento de Persoal deste Concello, coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

XIII.- Carácter vinculante das bases

As bases desta convocatoria vinculan á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso selectivo.

XIV. -Incidencias

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

XV.- Réxime xurídico

Este proceso selectivo regularase polas presentes bases da convocatoria e, supletoriamente, no non previsto nelas, polo disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Réxime Local, o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade e demais normativa concordante.

XVI.-Disposición final

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal, segundo o previsto na citada Lei 39/2015.

O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

A N E X O I

- 1.- A Constitución Española de 1978. Nocións xerais.
- 2.- O Municipio: O seu concepto. Elementos constitutivos do municipio. Organización municipal e competencias.
- 3.- O persoal ó servizo das administracións públicas. Deberes e dereitos.
- 4.- O procedemento Administrativo local. Conceptos xerais.
- 5.- Informática Básica. Conceptos de datos e información. Concepto de Sistemas e información. Elementos constitutivos dun sistema. Sistemas Operativos Windows, Unix e Linux. Características e funcións.
- 6.- Deseño e programación orientada a obxectos. Elementos: obxectos, clases, herdanza, métodos.
- 7.- Deseño de bases de datos. Deseño lóxico e físico. O modelo relacional e multidimensional. Normalización.
- 8.- Sistemas e Comunicacions. Tecnoloxías Frame Relay, ATM, RDSI, xDSL, radio enlace, Sistemas Inalámbricos.
- 9.- Seguridade e control dos sistemas de comunicación. Protección de datos, firma electrónica e propiedade intelectual.
- 10.- Tecnoloxías da información. Software libre e Administración electrónica.
- 11.- Desenvolvemento de Sistemas. Linguaxes de programación. Características, elementos e funcións en entornos Java, C C++ e .Net. Programación web e Internet. (Html e xml).
- 12.- Redes Locais. Tipoloxía. Métodos de acceso. Dispositivos de interconexión. Sistema Windows. O directorio activo. Xestión de usuarios. Políticas administrativas.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO

SELECCIÓN DUN AXENTE TIC

DENOMINACIÓN DA PRAZA OU POSTO DE TRABALLO: AXENTE TIC (ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA)
--

CARÁCTER DA CONVOCATORIA: FUNCIONARIO INTERINO	FORMA DE PROVISIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN
---	---

DATOS DO SOLICITANTE:

Apelidos e nome:

DNI:

Enderezo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Manifesto expresamente, e baixo a miña responsabilidade, que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases reguladoras deste proceso, que coñezo e acepto, SOLICITO a admisión para tomar parte na selección.

O Vicedo, de de 2023

(Sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO

ANEXO III

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

DON/A

DNI nº

1.-

2.-

3.-

4.-

5.-

6.-

7.-

8.-

9.-

10.-

(...)

O Vicedo, de de 2023

(Sinatura)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DON..... con DNI nº e
endereço.....

DECLARO: Non incorrer en causa de incapacidade ou incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente, que dispoño da capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a que aspiro, e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, non meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Vicedo, de de 2023

(Sinatura)

2º.- Convocar concurso-oposición para seleccionar e nomear, con carácter interino, dun Axente TIC, a xornada parcial (20 horas/semana), pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, dentro do programa de carácter temporal "Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025", financiado pola Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para dar cumprimento aos compromisos recollidas na cláusula terceira do convenio asinado, e ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

3º.- Ordenar a publicación da convocatoria e das bases para seleccionar e nomear como funcionario interino, un dun Axente TIC, a xornada parcial (20 horas/semana), pertencente á escala de administración especial, subescala técnica, dentro do programa de carácter temporal "Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025", financiado pola Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), para dar cumprimento aos compromisos recollidas na cláusula terceira do convenio asinado, ao abeiro do artigo 10. 1 c) do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, mediante concurso – oposición, no BOP de Lugo, no taboleiro de edictos da corporación, na sede electrónica do concello: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, así como a realización dos trámites necesarios para levar a cabo a cobertura do posto convocado.

O Vicedo, 27 de decembro de 2023, O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 4106

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 27 de decembro de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de NOVIEMBRE de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 27 de decembro do 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 4107

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Publicada no BOP de Lugo, de data 9 de decembro de 2023, á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de PEÓN RECOLLIDA LIXO, con indicación das causas de exclusión e si son emendables ou non, de conformidade co disposto na base sexta das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022.

Presentada con data 15/12/2023, e número de rexistro de entrada 2023-E-RE-674, as correspondentes alegacións, así como unha aclaración da mesma data e con rexistro de entrada 2023-E-RE-676, polo aspirante don Emilio José

Doce Fojón, con DNI ***3403**, que figuraba na lista provisional como excluído por ter presentado solicitude rexistrada fora do prazo de presentación de instancias (non emendable).

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas polo aspirante don Emilio José Doce Fojón, con DNI ***3403**, e concederlle un novo prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que emende as seguintes deficiencias:

EXCLUÍDO				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO (emendable pero non excluín-te)	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)	OBSERVACIÓNS (emendable pero non excluín-te)*
DOCE FOJÓN, EMILIO JOSÉ	***3403**	A documentación presentada non é orixinal ou copia electrónica auténtica.	- Anexo I incompleto e non está en orixinal ou copia electrónica auténtica -DNI non está en orixinal ou copia electrónica auténtica	- Anexos II e III non están en orixinal ou copia electrónica auténtica. -Todos os documentos acreditativos da formación deben estar en orixinal ou copia electrónica auténtica.

*Neste apartado Observacións (emendable pero non excluín-te) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique, en ningún caso, que os mesmos vaian a ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de cualificación.

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 27 de decembro do 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 4129

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Publicada no BOP de Lugo, de data 9 de decembro de 2023, á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de LIMPADORA CASA CULTURA E OUTROS (XORNADA 70%), con indicación das causas de exclusión e si son emendables ou non, de conformidade co disposto na base sexta das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022.

Presentada con data 15/12/2023, e número de rexistro de entrada 2023-E-RE-673, as correspondentes alegacións, así como unha aclaración da mesma data e con rexistro de entrada 2023-E-RE-676, polo aspirante don Emilio José Doce Fojón, con DNI ***3403**, que figuraba na lista provisional como excluído por ter presentado solicitude rexistrada fora do prazo de presentación de instancias (non emendable).

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas polo aspirante don Emilio José Doce Fojón, con DNI ***3403**, e concederlle un novo prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que emende as seguintes deficiencias:

EXCLUÍDO				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO (emendable pero non excluín-te)	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)	OBSERVACIÓNS (emendable pero non excluín-te)*
DOCE FOJÓN, EMILIO JOSÉ	***3403**	A documentación presentada non é orixinal ou copia electrónica auténtica.	- Anexo I incompleto e non está en orixinal ou copia electrónica auténtica -DNI non está en orixinal ou copia electrónica auténtica	- Anexos II e III non están en orixinal ou copia electrónica auténtica. -Todos os documentos acreditativos da formación deben estar en orixinal ou copia electrónica auténtica.

*Neste apartado Observacións (emendable pero non excluín-te) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique, en ningún caso, que os mesmos vaian a ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de cualificación.

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 29 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 4130

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

DON JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO VICEDO, PROVINCIA DE LUGO,

Publicada no BOP de Lugo, de data 9 de decembro de 2023, á lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para provistar unha praza de LIMPADORA CASA DO CONCELLO E OUTROS (XORNADA 100%), con indicación das causas de exclusión e si son emendables ou non, de conformidade co disposto na base sexta das “Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello do Vicedo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, sistema de concurso, acceso libre,” publicadas no BOP de Lugo de 12 de decembro de 2022.

Presentada con data 15/12/2023, e número de rexistro de entrada 2023-E-RE-675, as correspondentes alegacións, así como unha aclaración da mesma data e con rexistro de entrada 2023-E-RE-676, polo aspirante don Emilio José Doce Fojón, con DNI ***3403**, que figuraba na lista provisional como excluído por ter presentado solicitude rexistrada fora do prazo de presentación de instancias (non emendable).

Visto o art. 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas polo aspirante don Emilio José Doce Fojón, con DNI ***3403**, e concederlle un novo prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que emende as seguintes deficiencias:

EXCLUÍDO				
APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO (emendable pero non excluín-te)	MOTIVO DA EXCLUSIÓN (emendables)	OBSERVACIÓNS (emendable pero non excluín-te)*
DOCE FOJÓN, EMILIO JOSÉ	***3403**	A documentación presentada non é orixinal ou copia electrónica auténtica.	- Anexo I incompleto e non está en orixinal ou copia electrónica auténtica. -DNI non está en orixinal ou copia electrónica auténtica	- Anexos II e III non están en orixinal ou copia electrónica auténtica. -Todos os documentos acreditativos da formación deben estar en orixinal ou copia electrónica auténtica.

*Neste apartado Observacións (emendable pero non excluínse) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polas persoas interesadas, sen que implique en ningún caso que os mesmos vaian a ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de cualificación.

Segundo.- Publicar esta resolución no BOP de Lugo, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Vicedo, 29 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 4131

VILALBA

Anuncio

Expediente: 189/2022

Asunto: Aprobación definitiva do expediente relativo ao inventario de camiños

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada en data 2 de outubro de 2023, adoptou acordo sobre o asunto “ut supra” referenciado, sendo o literal da parte dispositiva o seguinte:

“PRIMERO.- Estimar/deseestimar as alegacións formuladas en trámite de audiencia no sentido que figura nos informes-proposta emitidos polo equipo redactor, PROCAT INGENIERÍA, S.L., compendiado en documento obrante no expediente con identificador de metadatos ES_L01270654_2023_000000000000000000000000094047 e incorporado como anexo ao presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Inventario de Camiños municipais do Concello de Vilalba, cos Bens e dereitos que comprende, segundo detalle en listado resumo obrante no expediente, incorporado como anexo ao presente acordo.

TERCEIRO.- Dar a publicidade legalmente prevista ao acordo que se adopte.

CUARTO.- Notificar individualmente aos interesados que formularen alegacións incorporando aqueles informes que sirvan de motivación á súa estimación ou desestimación.

QUINTO.- Remitir unha copia do Inventario e das súas rectificacións á Dirección Xeral de Estradas, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Deputación Provincial de Lugo.”

En aras de lograr a maior transparencia posible, para facer efectivo o lexítimo acceso á información pública dispoñible aos interesados e cidadáns en xeral, o documento estará ao dispor das persoas interesadas nas dependencias municipais do Concello de Vilalba, así como en formato visor na web municipal a través da seguinte ligazón

<https://experience.arcgis.com/experience/fe4e47a598cd466fa18e6ded444ea68f/page/INICIO/?draft=true&org=procat>

Vilalba, 29 de decembro de 2023.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 4132

Anuncio

Esta Alcaldía tivo coñecemento de que, tras labores inspectoras realizadas polos servizos correspondentes, non se procedeu á alta de distintos suxeitos pasivos que obrigatoriamente deberían constar no padrón fiscal de recollida de lixo no rural e que, por tanto, non se atopan ao corrente do pago da correspondente taxa, regulada no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 “Taxa por prestación do servizo de recollida do lixo”.

En consecuencia, establécese unha moratoria de regularización libre e voluntaria ata o 31 de xaneiro de 2024 para que os afectados procedan á regularización da súa situación, mediante a alta voluntaria no mencionado Padrón. Dita regularización consistirá en aplicar a Taxa correspondente ao presente ano, tendo en conta que teñen a obriga de darse de alta todos os inmobles, incluídas vivendas non habitadas e locais sen actividade.

No caso de que o suxeito pasivo, propietario do inmovle, non subsanase a súa situación no prazo establecido, procederase á súa alta de oficio, para posteriormente, efectuar a liquidación da taxa correspondente, xunto coas cotas pasadas non satisfeitas con carácter retroactivo así como cos intereses legalmente establecidos pola citada demora.

Para proceder a esta regularización voluntaria será necesario presentar debidamente cumprimentado o modelo de solicitude dispoñible na páxina web e na sede electrónica do Concello xunto coa documentación que se indica no mesmo, de xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello ou ben telematicamente, no rexistro electrónico.

A eses efectos, a presentación pode realizarse en calquera dos Rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por outro lado, de acordo co establecido no art. 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria así como quen represente a un interesado obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

Vilalba, 22 de decembro do 2023.- A alcaldesa. Marta M.^a Rouco Seoane.

R. 4043

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza Fiscal núm. 10 reguladora da "TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS", aprobada inicialmente a modificación na data 9 de novembro de 2023, segundo o que se estipula no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, resultando aprobada definitivamente en data 28 de decembro de 2023, entrando en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva da súa publicación definitiva no BOP.

"ORDENANZA FISCAL NÚM. 10

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Artigo 1.- Fundamentos e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade con disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Viveiro establece a taxa por recollida e tratamento do lixo e residuos sólidos urbanos, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación do servizo de recepción obrigatoria, de recollida de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos no termo municipal de Viveiro, o seu transporte aos centros de eliminación e o posterior tratamento.

Considéranse incluídos nos servizos:

- O servizo de recollida de enseres e voluminosos porta a porta, previo aviso.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente Ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación, dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos, os posuídores dos cales deberán cumprir as obrigacións establecidas na normativa correspondente..

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas, que estean en condicións de habitabilidade ou utilización, con independencia de que estean ou non habitadas ou utilizadas, e de que se depositen ou non residuos para a súa recollida.

Así mesmo, tamén se entenderá de recepción obrigatoria o servizo prestado a todos os locais, aloxamentos e establecementos que estean en condicións de ocupación e/ou utilización.

3. Considéranse obxecto tributario da taxa cada unha das vivendas individuais ou locais que formen parte dun mesmo inmovible, sempre que as mesmas teñan acceso propio e sexan susceptibles de ser utilizadas independentemente do resto das vivendas ou locais do edificio.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalación de calquera uso ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista ou arrendatario beneficiarios do servizo.

2. Terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte a persoa propietaria das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas beneficiarios do servizo.

Artigo 4. Responsables

1. Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas consideradas para estes efectos segundo o disposto nos artigos 41 a 43 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria

Artigo 5. Exencións

Gozarán da exención subxectiva, aqueles contribuíntes nos que concorra algunha das seguintes circunstancias:

1. As persoas preceptoras de pensións non contributivas, sempre que as mesmas constitúan o único ingreso da unidade familiar. O dereito a esta exención requirirá a previa solicitude do interesado e a súa autorización pola Xunta de Goberno Local.

2. Os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido por técnico legalmente facultado.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles, e nalgúns casos pola superficie.

2. A tal efecto aplicárase a seguinte tarifa:

Código	Concepto/usuario	Cota anual (€) 2024
1	Vivendas	115,39
2	Locais comerciais en xeral, consultas e despachos profesionais.	
2.1	De 100 a 250 m ²	206,90
2.2	De 250 m ² a 500 m ²	277,94
2.3	Más de 500 m ²	309,62
3	Cafeterías, bares y similares	
3.1	Ata 100 m ²	332,91
3.2	De 100 a 250 m ²	372,32
3.3	De 250 m ² a 500 m ²	402,48
3.4	Más de 500 m ²	452,45
4	Restaurantes	
4.1	Ata 300m ²	476,54
4.2	De máis de 300 m ²	1168,81
5	Pensións, hostais e similares	346,39
6	Hoteis	
6.1	Sen restaurante ou restaurante ata 100m ²	570,42
6.2	Con restaurante de máis de 100m ²	1168,81
7	Moteis	570,42
8	Apartahoteis e apartamentos turísticos	
	Por cada apartamento	149,40
9	Campings	663,48
10	Salas de festa, discotecas e similares	605,41
11	Pubs	451,85

12	Cines e teatros	308,46
13	Supermercados, tendas de alimentación e similares	
13.1	Ata 75m ²	277,94
13.2	Entre 75m ² e 150m ²	413,30
13.2	Entre 150m ² e 300m ²	632,63
13.3	Máis de 300 m ²	1168,81
14	Talleres, industrias, almacéns, obradoiros e naves (Concesionarios, estacións de servizo).	
14.1	Ata 100 m ²	206,90
14.2	Entre 100 e 250 m ²	372,32
14.2	Entre 250 e 500 m ²	533,34
14.3	Máis de 500 m ²	977,92
15	Entidades bancarias	575,07
16	Locais destinados a actividades sanitarias	372,32
17	Entidades e sociedades recreativas ou deportivas	195,56
18	Centros de equipamento comercial	2.092,88
19	Instalacións de uso público	
19.1	Residencias tempo libre	1168,81
19.2	Centros de día	370,40
19.3	Centros de día/noite ata 40 prazas	701,89
19.4	Centros de día/noite de máis de 40 prazas	1168,81
19.5	Garaxes	260,32
20	Actividades asociadas á pesca	
20.1	Oficinas empresas armadoras	143,12
20.2	Exportadores de peixe	533,34
20.3	Outras empresas e servizos no porto	413,30
20.4	Lonxas	1,91€/m ² +161,41€/m ²
21	Outro non incluídos nos parágrafos anteriores	204,22

En todos os conceptos nos que se teña en conta a superficie, tomarase a superficie total, incluída a superficie dos locais anexos ou afectos á actividade, de conformidade co establecido ao respecto no imposto sobre actividades económicas (IAE), ou a superficie total que resulte das comprobacións que efectúe o concello.

Establécese unha tarifa mínima de 57,70 € anuais para as persoas propietarias de vivendas que non foran habitadas durante un ano e se demostre fidedignamente que continuarán na mesma situación, debendo acreditarse dito extremo mediante informe do vixiante fiscal.

As vivendas sitas a unha distancia superior 300 metros a contar dende o punto máis próximo de recollida de lixo ou ruta de prestación do servizo aboarán ó ano a cantidade de 57,70 € anuais

Os locais pechados e que foran dados de baixa no IAE aboarán ó ano a cantidade de 116,70 €.

Para poder beneficiarse das dúas anteriores tarifas reducidas, requirirase en todo caso autorización municipal, previa solicitude do interesado.

3. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irredutible e serán fraccionadas por trimestres naturais, salvo acordo do Pleno do Concello establecendo prazo distinto.

4. Aqueles locais que poidan encadrarse en dúas ou mais tarifas das establecidas no número 2 do presente artigo, tributarán pola tarifa suxeita ao gravame máis alto.

Artigo 7.- Tarifa especial

Establecese unha tarifa especial: Os titulares de postos de venda ambulante sitos no lugar habilitado ao efecto por este concello (para o que se estará no disposto no artigo 3 da presente ordenanza), aboarán a cota anual de 8,08€ por metro cadrado ou fracción ocupada, mediante catro recibos trimestrais e por adiantado ó comezo de cada trimestre natural ou ao adxudicarse o posto.

Para os casos de alta na titularidade dos postos, procederase do seguinte modo: Se o posto se adxudica durante o primeiro semestre do ano, aboarase a tarifa íntegra; si se adxudica durante o segundo semestre do ano, aboarase o 50% da tarifa anterior.

Artigo 8.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de residuos.

Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da taxa se producira con posterioridade a dita data, caso no cal a primeira cota devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.

Artigo 9.- Declaración e ingresos

1.- Dentro dos 30 días hábiles seguintes á data en que se devengue por vez primeira a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando ó efecto a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cotado primeiro trimestre

2.- Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación persoas interesadas de calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se teña efectuado a declaración.

3.-O cobro das cotas efectuarase trimestralmente, mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 10.- Infraccións e sancións

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao establecido no título IV da Lei 58-2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, así como no Real Decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11 /2013, aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 6.2 un desconto en función do importe que supoña a minoración que estableza a Administración Autonómica no canon.

O Pleno, previo informe do servizo de xestión tributaria, determinará:

1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia de bonificación.
2. A porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único trimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 6.2.
3. O trimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

1º.- Para todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, así como a restante normativa aplicable segundo a materia.

2º.-A presente modificación da ordenanza fiscal aprobada definitivamente no Pleno celebrado o día 28 de decembro de 2023, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no “Boletín Oficial de la Provincia”, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Viveiro, 28 de decembro do 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da “ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16 REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚASE POR RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE”, aprobada a súa modificación inicialmente na data 9 de novembro de 2023, segundo o que se estipula no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, entendéndose definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, entrando en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva da súa publicación definitiva no BOP.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16

REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚASE POR RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

Artigo 1. FUNDAMENTO E REXIME

1. Este Concello, conforme ó autorizado polo artigo 106 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e de acordo co previsto no artigo 20.3, h)) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, que se regulará pola presente Ordenanza.

2. Será obxecto deste tributo:

- a) a entrada ou paso de vehículos e carruaxes nos edificios e solares
- b) a reserva de espazos nas vías e terreos de uso público para carga e descarga de mercadorías a solicitude de Entidades, empresas e particulares
- c) a reserva de espazos nas vías e terreos de uso público para estacionamento de vehículos de aluguer ou para o servizo de entidades ou particulares
- d) a reserva de espazos nas vías e terreos de uso público para principio ou final de liña de servizos regulares ou discrecionales de viaxeiros

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

Está constituído pola realización sobre a vía ou terreos de uso público de calquera dos aproveitamentos enumerados no número 2 do artigo 1 desta Ordenanza, y a obriga de contribuir nace dende o momento en que o aproveitamento se inicie.

Artigo 3. DEVENGO

A taxa considérase devengada, nacente a obriga de contribuir, cando se inicie o aproveitamento, e anualmente, o día 1 de xaneiro de cada ano.

Artigo 4. SUXEITOS PASIVOS

Están solidariamente obrigados ó pago, en concepto de contribuintes:

- a) as persoas naturais ou xurídicas titulares da respectiva licenza municipal
- b) os propietarios dos inmobles donde se atopen establecidas as entradas ou pasos de carruaxes
- c) as empresas, entidades ou particulares beneficiarios dos aproveitamentos enumerados nos apartados b), c), y
- d) do artigo 1 número 2 de esta Ordenanza.

Artigo 5. BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

Tomarase como base imponible do presente tributo a lonxitude en metros lineais da entrada ou paso de carruaxes e da reserva de espazo, e o número de prazas de aparcamento existente nas propiedades ou garaxes.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA

1. O importe da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante de aplicar as tarifas contidas no apartado seguinte, establecendose como límite máximo de reserva 2,5 metros para cada acceso a garaxe ou vivenda.

2. As tarifas aplicables son as seguintes:

A	Por cada reserva de vía pública para entrada en propiedades en que existan aceras, se abonarán por cada metro lineal o fracción, al año, las cantidades siguientes: . En propiedades o garajes con 1 ó 2 plazas . En propiedades o garajes con 3 ó 4 plazas . En propiedades o garajes con 4 ó mas plazas	94,65 30,33 29,73
B	Por cada reserva de aparcamiento (utilización de placa de vado permanente), se abonará la cantidad anual (existan o no aceras), de	50,56
C	Las tarifas descritas en los apartados anteriores, serán acumulativas en el caso de existencia de entrada de vehículos a través de aceras y de placa de vado permanente.	
D	Por la venta de cada placa de vado reglamentaria	33,91
E	Por la entrada , carga y descarga de mercancías en el interior de la ciudad , en el horario establecido por la ordenanza sobre regulación do tráfico no casco antigo del Ayuntamiento de Viveiro, al año: -TITULARES DE ESTABLECIMIENTO COMERCIAIS(Distintivo EC) -SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN E REPARTO -Distintivo D -Distintivo DP -MERCADO SEMANAL(Distintivo M) -SERVICIOS ESENCIALES PARA A COMUNIDAD.(Distintivo S) -EMPRESAS DE SERVICIO DE COMIDA RÁPIDA , REPARTO ASISTENCIAL DE COMIDA A DOMICILIO ,REPARTO URXENTE DE MENCIONAS(Distintivo RR) -OBRAS(Distintivos O)	60,60€ 60,60€ 60,60€ 60,60€ 60,60€ 60,60€ 60,60€
F	Por cada permiso diario para igual finalidad , al día: EVENTOS E CELEBRACIÓN(Distintivo EV) AUTORIZACIONES EXTRAORDINARIAS(Distintivo EX)	4,83€ 4,83€

El pago de la tarifa E anterior no exime del pago de las indemnizaciones que puedan corresponder a este Ayuntamiento cuando, con motivo de las citadas actividades, se deteriore la vía pública.

3. O importe das cotas desta taxa prorratarase por trimestres naturais nos casos de inicio do proveitamento ou cesamento no mesmo.

4.A concesión das distintas autorizacións e expedición dos distintivos de acceso restrinxido e control establecidas na letra E e F apartado 2 deste artigo 6 rexeráse pola Ordenanza sobre a regulación do Tráfico no Casco Antigo do Concello de Viveiro.

Artículo 7. RESPONSABLES

1. Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta ordenanza, toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas yacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións de obrigacións tributarias de devanditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios do seu incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infringidas, consentisen no

incumprimento por quen dependan deles ou adopten acordos que fixesen posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesen nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a devanditas situacións e que sexan imputables aos respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 8. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88 de 28 de decembro, non se reconece beneficio tributario algún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou cordos Internacionais ou os previstos en normas con rango de Lei.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigados ao pago das taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional

Artigo 9. NORMAS DE XESTIÓN

1. As cantidades exixibles con arranxo ás tarifas, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo fixados nas respectivas tarifas.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e formular a declaración na que consten os elementos que servirán de base para efectuar a liquidación tributaria.

3. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

4. A presentación da baixa fornecerá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte ao sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigación de continuar abonando a taxa.

Artigo 10. NORMAS DE RECADACIÓN

O pago da taxa realizarase:

a) tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería municipal ou onde establece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas desta taxa, na oficina de Recadación Municipal, nos prazos fijados para ese efecto por este Concello.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, cuxa modificación provisional foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 9 de novembro de 2023, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa

Viveiro, 28 de decembro do 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4134

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza “Reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no Concello de Viveiro”, aprobada a modificación inicialmente na data 9 de novembro de 2023, resultando aprobada definitivamente en data 27 de decembro de 2023, entrando en vigor de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO

ARTIGO 1. DISPOSICIÓN XERAL.

En uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española e da potestade regulamentaria que ten o Concello de Viveiro de conformidade cos artigos 4.1.a) e 84.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de

Réxime Local, a través desta Ordenanza Municipal régulanse os prezos ou tarifas pola prestación dos servizos comprendidos no Ciclo Integral da Auga e outras actividades relacionadas cos mesmos, para o Concello de Viveiro, que se rexeran pola presente Ordenanza non Fiscal Reguladora da Prestación Patrimonial Pública non tributaria polo uso dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais e demais lexislación concordante.

As contraprestacións polo uso dos servizos reguladas na presente ordenanza, que denominaranse xenericamente “**tarifas**” teñen natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais (TRLRHL), constituíndo ingreso propio do xestor de ditos servizos de conformidade co que dispón a Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en relación có artigo 289.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de febreiro de 2014.

É imprescindible para garantir o exposto establecer un marco xurídico de regulación dentro do termo municipal, sempre tendo en conta as directrices establecidas na normativa estatal aplicable, na propia da Comunidade Autónoma, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 2.- OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

2.1 O obxecto da presente ordenanza é regular as tarifas dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, así como outras actividades conexas e complementarias inherentes ao desenvolvemento dos mesmos.

2.2. A presente Ordenanza, así como as tarifas e os dereitos económicos obxecto de regulación nesta norma, serán aplicables ao Concello de Viveiro.

Naqueles casos nos que, de maneira permanente ou transitoria, non se preste a totalidade dos servizos comprendidos no punto 2.1 deste artigo, a presente Ordenanza rexerá só e exclusivamente naqueles termos que sexan de aplicación ao servizo que se estea prestando en concreto.

2.3. Tales servizos xestiónanse de forma indirecta mediante concesión, sendo a empresa concesionaria, a que lle corresponde a titularidade do ingreso, VIAQUA (en diante a concesionaria)

2.4. Constitúe o suposto esixible das tarifas a prestación dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, a través das redes municipais, con cantas actividades técnicas ou administrativas complementarias sexan necesarias a ditos servizos.

2.5. A prestación dos servizos, así como a realización das actividades e obras relacionadas co mesmo a que se refire o artigo 3 desta Ordenanza comportará una contraprestación económica, como tarifa, que percibirá a concesionaria, directamente dos aboados nos termos aprobados polo Concello de Viveiro no contrato de xestión indirecta adxudicado á mesma, e regulados nesta Ordenanza, en aplicación do principio de autofinanciamento do servizo.

Artigo 3.- SERVIZOS PRESTADOS.

3.1 Os servizos que se prestan concréntanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo ou posible, dos servizos e das actividades reguladas na presente Ordenanza, que a continuación se enumeran, e segundo as cotas establecidas no artigo 6:

- Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Subministro de auga potable a través da rede de abastecemento municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función dos usos e destinos da auga.
- Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Servizo de evacuación de excretas, augas negras, e augas pluviais e residuais a través da rede de sumidoiro municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función do orixe da auga e a súa carga contaminante.
- Prestación dos servizos técnicos e administrativos complementarios referentes ás actuacións necesarias para realizar a contratación e prestación definitiva ou provisional do subministro de auga potable e/ou evacuacións de

augas residuais e a súa depuración, así como o mantemento e conservación de elementos necesarios para a prestación dos servizos recollidos neste artigo 3.

3.2. As relacións entre a concesionaria e o usuario nacidas dos servizos virán reguladas polo contrato de subministro e polas disposicións desta Ordenanza, aplicándose no non previsto nas mesmas as normas técnicas que regulen os servizos.

Artigo 4.- CONCEPTO DE TARIFA.

As tarifas e outros dereitos económicos que debe percibir a concesionaria pola prestación dos servizos , teñen natureza de ingreso non tributario. Por este motivo queda expresamente excluída a aplicación da normativa tributaria con respecto á xestión, facturación, cobro e reclamación dos mencionados ingresos.

Artigo 5.-OBRIGADOS AO PAGO.

5.1. Están obrigadas ao pago das tarifas as persoas físicas e xurídicas e as entidades con ou sen personalidade xurídica propia, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigacións que, sendo titulares do uso da finca abastecida, ostente a condición de aboados, é dicir, que sexa titular do contrato ou póliza de abono.

Son igualmente obrigados ao pago, en concepto de clientes, os petitionarios das acometidas, contratos e reconexións.

5.2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as persoas que ostenten esta condición de aboadas ou de peticionaria, obrigadas directas a satisfacer a contraprestación de que se trate, poderán repetir o aboadado sobre os ocupantes ou usuarios das fincas beneficiarias dos servizos obxecto desta Ordenanza calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, concesionarios de bens e/ou servizos públicos, titular do dereito de habitación o arrendatario , incluso en precario, xa se trate de título individual ou colectivo. Neste suposto, a concesionaria é allea ás relacións establecidas entre os afectados, limitándose a prestar o servizo solicitado e percibir a contraprestación establecida polo mesmo na forma sinalada no parágrafo anterior, así como a adoptar as medidas que sobre o mesmo se establecen nesta norma e no Regulamento do Servizo.

5.3 Igualmente, están obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas e as entidades:

-Cando se trate da concesión de acometida ás redes públicas de abastecemento de auga ou sumidoiro: o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

-Cando se trate de prestación dos servizos de sumidoiro :os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias do servizo de saneamento , calquera que sexa o seu título, propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

-Cando se trate de prestacións de servizos de sumidoiro e depuración de augas residuais:os propietarios, arrendatarios, ou titulares de calquera dereito de uso de fincas que dispoñan de fontes propias de subministro de auga e que realicen vertidos ás redes de sumidoiro ou estean obrigados a conectar as mesmas.

5.4. En caso de separación de dominio directo e útil, a obriga de pago recae sobre o titular deste último.

Artigo 6.- COTAS

As cotas a satisfacer polo obrigado ao pago, serán as resultantes da aplicación das seguintes tarifas:

TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

AUGA

AUGA		TARIFA EUROS
PARA USOS DOMÉSTICOS	Cota de servizo ou mantemento, ao mes	2,08
	Consumo ata 14 m3.(mínimo a facturar), ao trimestre	5,32
	Consumo dende 14 m3 ata 30 m3. cada metro cúbico	0,50

	Consumo dende 14 ata 75 m3., cada metro cúbico	0,53
	Consumo de mais de 75 m3, cada metro cúbico	0,61
	Cota de servizo o mantemento, ao mes	2,08
PARA USOS INDUSTRIAIS	Prezo dl m3 consumido	0,55
CONSERVACIÓN RENOVACIÓN DE CONTADORES	Contadores de 13 mm, 15 mm 20 mm, ao mes	0,58
	Y Contadores de 25 mm y 30 mm, ao mes	1,34
	Contadores de 40 o mais mm, ao mes	3,96

Mínimos trimestrais usos industriais	
a)hoteis, hospedaxes, pensións e sanatorios	49m3
b)cafés ,restaurantes, tabernas e almacens de viños	32m3
c)garaxes particulares, talleres , academias e colexios	27m3
d)tintorerías, panaderías, fábricas de xeo, gaseosas, cines , teatros e fábricas en xeral.	42m3
e)Construcións de obras, garaxe de servizo público e regos	49m3

A tarifa doméstica aplicarase nos usos non tipificados no parágrafo anterior.

TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

A)Polo servizo da rede de sumidoiro:

“A tarifa a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidorios , determinarase en función da cantidade da auga , medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto , aplicarase o tipo de 21% sobre a facturación total da auga , impostos incluídos.Non se entenderá en ningún caso incluída en dita facturación , o importe correspondente a tarifa pola conservación de contadores, si existira”

B)Polo servizo de depuración de auga:

	Mín.trimestral	TARIFAS	
		CUOTA €/MES	€/m³
DOMÉSTICO	14 m3	1,81	0,27
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	49 m3	3,03	0,36
HOSTELERÍA E ALMACENES ALCOHOLES	32 m3	3,03	0,36
GARAXES,TALLERES E INST E COLEXIOS	27 m3	3,03	0,36
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y TEATROS	42 m3	3,03	0,36
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	49 m3	3,03	0,46
Sen auga da rede municipal	14 m3	1,81	0,26

Os consumos aplicables serán os rexistrados no contador, establecéndose uns consumos mínimos aplicables ás tarifas de sumidoiro e depuración, que serán os mesmos que os establecidos nas tarifas da auga.

Nos casos nos que exista unha manifesta diferenza entre o volume de auga de vertido e o liquidado no consumo de auga da rede municipal, ou ao mínimo establecido, aplicaranse as medidas correctoras necesarias para liquidar o volume real ou estimado vertido, aplicable aos casos nos que o usuario verte ao sumidoiro augas doutra procedencia distinta do servizo de abastecemento municipal.

Nas anteriores tarifas de auga, sumidoiro e depuración de augas residuais, non está incluído o IVE que, no seu caso, deba devengarse con arranxo á normativa fiscal en vigor.

OUTROS PREZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Establécense as seguintes tarifas cuxos dereitos corresponden directamente ao Concello de Viveiro, polo que serán ingresadas directamente polo usuario na conta bancaria municipal, aplicables respectivamente para o entronque (acometida) e para o contrato (exclúense os cambios de titularidade).

-ENTRONQUE Á REDE DE ABASTECIMENTO POR ACOMETIDA	177,51€
-CONTRATO DE SUMINISTRO (salvo cambio de titularidade) (máis os selos municipais)	38,54€
-ENTRONQUE Á REDE DE SANEAMENTO POR ACOMETIDA	17,90€

Artigo 7.- MODIFICACIÓN DE TARIFAS

O establecemento ou modificación de tarifas corresponderá ao Pleno da Corporación.

Non obstante ao anterior, a proposta de fixación de tales tarifas corresponderá á entidade concesionaria dos servizos, que deberá presentala coa suficiente antelación e co contido que corresponda.

Artigo 8.-DEVENGO.

8.1 A prestación patrimonial de carácter público non tributario e as tarifas integradas nesta ordenanza se devengarán, nacente a obriga de pago das mesmas do xeito que segue:

- a) Para o concepto de dereito de acometida: Cando se outorgue a autorización correspondente.
- b) Para os demais conceptos: Cando se inicie a prestación do servizo, devengándose logo da dita prestación de forma periódica o día 1 de xaneiro de cada ano. Cando se inicie a prestación de servizo, poderá esixirse, no seu caso, o depósito previo do seu importe total ou parcial ao solicitar dita prestación. Entendese iniciada esta, no momento que se produza a alta no servizo.
- c) *A obriga de contribuir pola conservación e renovación de contadores nace dende o momento da súa solicitude polo usuario, tendo en todo caso carácter voluntario.*
- d) *Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais teñen carácter obrigatorio para todas as fincas dos municipios que teñan fachada a ruas, prazas ou vías públicas en que existan alcantarillado, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cincuenta metros, sendo obrigatorio o pago das tarifas aínda cando non se proceda a efectuar acometida á rede.*

8.2. O período de imposición e pago será o do ano natural ou o específico que establece esta Ordenanza na disposición final terceira, salvo nos casos de altas no servizo nos que o período de pago abarcará dende a data de alta ata o 31 de decembro de dito ano ou finalización do período impositivo específico, e nos supostos de baixas, no que comprenderá dende o 1 de xaneiro ata o día da presentación da baixa.

8.3. En todo caso, o devengo se producirá con independencia de que se obtivera ou non as autorizacións pertinentes, ou se subscribieran os contratos preceptivos, e sen prexuízo da iniciación dos expedientes administrativos que se deban instruír para a súa autorización e esixencia das responsabilidades que procedan.

8.4. Nos supostos de alta, baixa e cambio de titularidade, a tarifa ratearase por días naturais.

Artigo 9.- PERIODICIDADE DE FACTURACIÓN E PRAZOS DE PAGO.

9.1. A facturación terá unha periodicidade trimestral, realizarase a través da empresa concesionaria nun recibo, no seu caso conxunto con outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos de titularidade de terceiros, tales como a taxa de lixo, cánons autonómicos etc.. Poderase emitir facturas con periodicidade mensual, só para os grandes consumidores e sempre con carácter de voluntariedade.

9.2.A facturación practicada en virtude desta ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución de alcaldía.

As facturas remitiranse pola concesionaria ao domicilio do subministro salvo que o aboado ou obrigado ao pago designase por escrito e con suficiente antelación un domicilio distinto, ou salvo que a petición do obrigado ao pago, ou por imposición legal, proceda facturación electrónica, en cuio caso, as facturas remitiranse por correo electrónico na conta indicada polo aboado ou obrigado ao pago ou notificaranse como dispoña a lexislación aplicable, ou estarán dispoñibles na páxina web da concesionaria.

9.3 No suposto de licenza de acometida ou outras actividades ou servizos non periódicos, o aboado ou usuario virá obrigado a presentar ante a concesionaria a correspondente declaración ou solicitude, segundo modelo determinado por esta, que conterá os elementos imprescindibles para a facturación procedente. Neste caso, e demais supostos amparados polo artigo 3.1.d), a factura se expedirá contra a solicitude do servizo ou cando a concesionaria houbera realizado a actividade que da lugar á obriga de pago se a mesma debe realizarse de oficio e non a solicitude do aboado ou usuario.

9.4 Os importes facturados deberán satisfacerse no prazo de dous meses dende a aprobación da facturación . O retraso determinará a aplicación do tipo de xuro legal do diñeiro, aplicable dende o día seguinte a finalización do período voluntario.

9.5. O pago das débedas poderá realizarse na forma seguinte:

- a) Para os obrigados ao pago que domiciliaran o pago das mesmas, mediante cargo bancario na conta da entidade bancaria que sinalaran ao efecto.
- b) Para os obrigados ao pago que non domiciliaran o pago das mesmas ou que tendo feito, por calquera causa non tivera satisfeita a débeda, nas oficinas colaboradoras, ou ben a través da Oficina Virtual aloxada no sito web www.viaqua.gal.

9.6 As facturas non satisfeitas no período voluntario reclamaranse por correo certificado con acuse de recibo ou calquera outro medio que permita ter constancia de forma fidedigna da recepción. Transcorridos 6 meses dende a finalización do período voluntario a cantidade a pagar verase incrementada polo xuro por mora.No suposto de rechazo da notificación ou por deficiencias da dirección facilitada polo obrigado ao pago , se especificarán as circunstancias do intento da notificación e terase por efectuado o trámite , quedando expedita a súa reclamación pola vía xudicial ou o inicio do procedemento de corte de subministro, previa consulta cos servizos sociais Municipais, para evitar o corte de subministro a familias que poidan estar en situación de vulnerabilidade económica

9.7. No caso no que por erro a concesionaria facturara cantidades inferiores as debidas poderá acordar co usuario o prazo de pago.

Artigo 10.- FACULTADE DE INSPECCIÓN.

10.1. Os inspectores autorizados estarán facultados, aos efectos desta Ordenanza e do Regulamento do servizo, para visitar e inspeccionar fincas e locais nos que se utilicen as instalacións correspondentes para conectarse ás redes municipais de abastecemento e saneamento, realizar toma de mostras, etc., observando si existe algunha irregularidade.

Terán a consideración de consumos clandestinos os que no preceptivo contrato ou póliza de aboado ou, no seu caso sen a correspondente autorización da concesionaria, e conseguinte pago das tarifas correspondentes, leven a cabo as utilidades ou aproveitamento dos servizos establecidos no artigo 3 da presente ordenanza.

Os actos clandestinos ou calquera outros aos que correspondese tal cualificación, darán lugar á inmediata suspensión do subministro e prestación dos servizos, ser prexuízo das acción legais que poidan corresponder.

Con independencia do anterior, o usuario clandestino verase obrigado a aboar o importe do servizo disposto e non pagado, do que se houbera beneficiado polos servizos que corresponderá, conforme á liquidación que se practique pola concesionaria, ademais dos gastos inherentes á inspección e reposición dos elementos alterados ou danados.

DISPOSICIÓN FINAL.

1.- A presente Ordenanza rexerá unha vez efectuada a publicación da súa aprobación definitiva, de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

2.-As referencias existentes na documentación contractual á Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos de complementarios entenderáse realizadas á presente Ordenanza non tributaria, trala súa entrada en vigor.

3.- Excepcionalmente e para o suposto de que a presente ordenanza ou a súa posible modificación, pola data de tramitación, entre en vigor con posterioridade ao día 1 de xaneiro do ano de aplicación, o momento do devengo retrasase e coincidirá co día primeiro do trimestre natural seguinte.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Á entrada en vigor da presente Ordenanza non tributaria, quedará derogada a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos complementarios, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 26 de febreiro de 2016, así como a Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiro e depuración de augas residuais.

Viveiro, 28 de decembro do 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4135

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa de Recollida de Lixo e Canon de Auga (4º trimestre do exercicio 2023) e anuncios de cobranza.

Con data de 28 de decembro de 2023 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Recollida de lixos	4º Trimestre de 2023	2. 251.415,78.-€
Canon auga (Xunta)	4º Trimestre de 2023	70.614,05.- €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **04 de xaneiro de 2024 ao 04 de marzo de 2024**, ambos inclusive.

Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.

Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caxas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 28 de decembro do 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4136

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHA*Anuncio***DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN INICIAL DO ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ**

A Xunta Plenaria da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 27 de decembro de 2023 aprobou inicialmente o organigrama e relación de postos de traballo da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, nos termos en que consta redactada no expediente administrativo de referencia.

Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo nas dependencias municipais e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, pola Xunta Plenaria da Mancomunidade, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación do organigrama e relación do postos de traballo no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Cospeito, 27 de decembro de 2023.- O Presidente, Armando Castosa Alvareño.

R. 4108

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2023, POLO QUE SE APROBA A MODIFICACIÓN DAS BASES QUE REXIRÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2023.

BDNS(Identif.): 693186

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/693186>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da modificación das bases reguladoras cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>).

Modificar a base 7. Gastos subvencionables, apartado 2) do Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2023, de forma que:

Onde di:

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 15 de maio de 2023 ao 31 de decembro de 2023.

Debe dicir:

2. Os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dende o 15 de maio de 2023 ao 15 de abril de 2024.

Modificar a base 13. Xustificación e aboamento das subvencións

Onde di:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 29 de febreiro de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Debe dicir:

O beneficiario deberá achegar, como data límite o 15 de xuño de 2024, a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada.

Lugo, 12 de decembro de 2023.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 4109

NOTARÍA

Anuncio

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,
HAGO CONSTAR

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se está tramitando ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia del causante DON FROILÁN DOSÍO RODRÍGUEZ.

Que entre los herederos de los citados causantes se encuentran el siguiente o sus herederos:

DON PEDRO DOSÍO GAYOSO

Que se le comunica a dichos interesados o a cualquiera que tenga algún tipo de interés en dichas herencias lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo máximo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle Gran Vía Alfonso IX, nº9 -bajo de la villa de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria a veintinueve de diciembre de dos mil veintitrés.- Notario, JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ.

R. 4110
